

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO

CURSO:  
2023/2024

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10/10/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 10/10/2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 10/10/2022

## TÁBOA DE CONTIDO

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO .....	4
2. HORARIO XERAL DO CENTRO .....	5
2.1. HORARIO LECTIVO5	
2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO5	
2.3. HORARIO DE VERÁN6	
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS .....	6
3.1. TRANSPORTE ESCOLAR	
3.2. COMEDOR	
3.3. PLAN MADRUGA	
4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE .....	7
5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO.....	7
6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	9
7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.....	19
8. PROXECTO EDUCATIVO.....	10
9. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	10
10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO .....	19
11. COCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA .....	19
12. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN ANUAL DE LECTURA.....	22
13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL .....	26
14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES	
30	
15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	32
15.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL .....	32
15.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA .....	32
15.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE.....	32
15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA .....	33
15.5. MODIFICACIÓN NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN ..	35
16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	35
16.1. CONSTITUCIÓN DO DO .....	35
16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO .....	36

<b>16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO .....</b>	<b>36</b>
<b>16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO.....</b>	<b>39</b>
<b>17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN BENESTAR E CONVIVENCIA .....</b>	<b>41</b>
<b>18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE .....</b>	<b>46</b>
<b>19. PLURILINGÜISMO .....</b>	<b>49</b>
<b>19.1. PROFESORADO RESPONSABLE .....</b>	<b>49</b>
<b>19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PLURIINFANTIL.....</b>	<b>49</b>
<b>19.3. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES.....</b>	<b>50</b>
<b>19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA.....</b>	<b>50</b>
<b>20. PLAN PROXECTA+ .....</b>	<b>50</b>
<b>21. CONTRATOS-PROGRAMA .....</b>	<b>62</b>
<b>22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO .....</b>	<b>70</b>
<b>23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO .....</b>	<b>74</b>
<b>24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO .....</b>	<b>75</b>

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

<b>Obxectivo: Continuar definindo a liña metodolóxica da Escola.</b>			
<b>Acción 1</b>	Reflexión sobre metodoloxía e trato respectuoso dentro da comunidade educativa.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os membros da comunidade educativa participan e realizan aportacións nos distintos momentos e espazos destinados para tal fin (consello escolar, reunións explicativas e formativas, consello escolar da infancia...).		
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo.		
<b>Recursos e materiais</b>	Libros de consulta; artigos; sesións formativas ...		
<b>Acción 2</b>	Fomento da formación continua e permanente do profesorado.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Que o 100% do profesorado forme parte dalgún dos itinerarios de formación.		
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo e Equipo Docente.		
<b>Recursos e materiais</b>	CFR; recursos humanos; recursos tecnolóxicos (conexión a internet, ordenador...).		

<b>Obxectivo: Mellorar a convivencia no centro.</b>			
<b>Acción 1</b>	Fortalecemento do vínculo entre o profesorado e do sentimento de equipo.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Valoración positiva da convivencia entre o profesorado na memoria final.		
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo e Equipo Docente.		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible; distintas dinámicas de cohesión e/ou participación...		
<b>Acción 2</b>	Fomento da participación das familias na vida da escola.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Porcentaxe de familias que participan nas actividades propostas polo centro, na Escola de Familias e actividades de propia iniciativa.		
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo , Equipo Docente e os demais Equipos do Centro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos tecnolóxicos; recursos humanos; sesións da Escola de Familias ...		
<b>Acción 3</b>	Fomento da participación activa do alumnado na vida do centro a través		

	do Consello Escolar de Infancia, asembleas das propostas dos distintos Equipos do Centro.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Realización de todas as sesións do Consello Escolar da Infancia; que se perciba unha participación activa nas distintas propostas.
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, Equipo Docente e os demais Equipos do Centro.
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible; panel informativo do Consello Escolar da Infancia ...
<b>Obxectivo: Promover unha educación inclusiva e en valores, como parte do cotián.</b>	
	Optimización dos recursos persoais e materiais do centro.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Que se perciba evolución no 100% do alumnado.
<b>Responsables</b>	Equipo docente, DO, Equipo Directivo, Equipo de Convivencia e Familias.
<b>Recursos e materiais</b>	Realización de apoios nas horas de garda do profesorado; materiais e propostas das persoas especialistas de PT, AL e orientadora; entrevistas coas familias; participación na formación do PFPP en DUA.

<b>Obxectivo: Continuar coa mellora de espazos interiores e exteriores da escola.</b>	
	Reflexión sobre a importancia do ambiente no proceso de aprendizaxe e mellora dos espazos interiores e exteriores da escola (espazos acolledores e inclusivos).
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Concreción e mellora dos espazos en primaria (1º e 2º); mellora da Biblioteca; creación do espazo exterior de acollida; adecuación do soto da escola; adaptación de distintos espazos...
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo e Equipo Docente.
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos humanos; plans e proxectos nos que se participa (Contratos Programa, Polos Creativos...)

## 2. HORARIO XERAL DO CENTRO

### 2.1. HORARIO LECTIVO

O horario lectivo do centro é de luns a venres das 8:45 ás 14:00 horas.

### 2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ás familias nas titorías será o martes das 18:00 ás 19:00 horas.

O horario de atención ás familias coa Dirección será os luns das 9:00 ás 9:50 horas.

O horario de atención ás familias coa Xefatura de Estudos será o martes das 13:10 ás 14:00 horas.

O horario de atención ás familias coa Secretaria será o venres das 9:00 ás 9:50.

### 2.3. HORARIO DE VERÁN

O horario de atención ás familias na derradeira semana de xuño e primeira de setembro será de luns a venres das 8:45 ás 14:00 horas.

O horario de atención ás familias durante o mes de xullo será de luns a venres das 10:00 ás 13:00 horas.

## 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### 3.1. TRANSPORTE ESCOLAR

Ruta nº 1: . Pantrigueira						
Entidade que presta o servizo	TRANSPORTES ACHA					
Nº alumnado usuario	4º EI: 3	5º EI: 1	6º EI: 0	1º EP:5	2º EP:0	3º EP: 8
	4º EP:4	5º EP:4	6º EP:2			
Horarios	8.30 a 8.55 -13.45 a 14.20					
Transporte integrado	Si <input type="checkbox"/>			Non <input checked="" type="checkbox"/>		

Ruta nº 2: Carballeira-Mesón Osorio						
Entidade que presta o servizo	TRANSPORTES ACHA					
Nº alumnado usuario	4º EI: 0	5º EI: 0	6º EI: 3	1º EP:0	2º EP:1	3º EP:3
	4º EP:2	5º EP:2	6º EP:4			
Horarios	8.30 a 8.55 -13.45 a 14.20					
Transporte integrado	Si <input type="checkbox"/>			Non <input checked="" type="checkbox"/>		

### 3.2. COMEDOR

O comedor atópase en proceso de apertura de servizo, estando pendentes da resolución de Xefatura Territorial, que ditaminará que tipo de servizo se prestará.

### 3.3. PLAN MADRUGA

Instalación:						
Entidade que presta o servizo	ANPA "A PRIXELA"					
Nº alumnado usuario	4º EI: 0	5º EI:1	6º EI:0	1º EP:2	2º EP:3	3º EP:4

	4º EP:0	5º EP:5	6º EP:0			
<b>Horario de uso</b>	<b>7:45 a 8.45 horas</b>					
<b>Nome da persoa responsable</b>	<b>María del Carmen Ferreira Rosende</b>					

#### 4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Nome	Función	Horario
<b>Maria del Carmen Ferreira Rosende</b>	Conserxe	De 8:45 a 14:00 horas
<b>Maria del Carmen Ferreira Rosende</b>	Limpeza	De 15:30 a 16:00 horas
<b>Maria del Carmen Grande Portas</b>	Limpeza	De 10:00 a 12:30 horas De 15:00 a 18:30 horas
<b>María Jesús Pena Gulías</b>	PAC	De 7:45 a 15:15 horas

#### 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Víctor Lorán Arén	1 h	Titor/a
<b>Nome equipo apoio/dinamización</b>		<b>Nivel/Especialidade</b>
Manuel Piñeiro Sánchez		Titor/a
Patricia Fraga Freitas		Titor/a
Beatriz Vila Rodríguez		Titor/a
Marta Pedreira Currás		Titor/a
Begoña Morquillas Abalo		Titor/a
Carmen M <sup>a</sup> Expósito Luna		Titor/a
Sandra Atames Bouzón		Titor/a
Carmen Santiago Poza		Titor/a
María Castro Nine		E.F.
Sergio López Valle		Inglés
Alfonso Muñiz Varela		Música
Susana García Prieto		Apoio Infantil
Laura Suárez Balsa		PT
Yolanda Guerrero Mariño		PT
Lucía Suárez Pereira		AL
Carolina Rodríguez Ceballos		AL
M <sup>a</sup> Luisa Bermúdez García		Orientadora
María Josefa Mollinedo García		Relixión Católica



- Actividades complementarias.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Samaín	31 de outubro	Todos	Dinamización da lingua galega
Magosto	17 de novembro	Todos	Dinamización da lingua galega
Día Internacional contra a violencia de xénero	25 novembro	Todos	Equipo Bibilioteca
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	3 de decembro	Todos	Departamento de orientación
Nadal	21 de decembro	Todos	Equipo actividades complementarias y extraescolares
Día escolar da non violencia e a paz	30 de xaneiro	Todos	Equipo Convivencia
Día de Rosalía de Castro	23 de febreiro	Todos	Dinamización da lingua galega
Entroido	9 de febreiro	Todos	Equipo actividades complementarias y extraescolares
Día Internacional da Muller	8 de marzo	Todos	Equipo de convivencia
Semana da Prensa	4 ao 8 de marzo	Todos	Equipo biblioteca
Semana do Libro	22 ao 26 de abril	Todos	Equipo biblioteca
Os maíos	30 de abril	Todos	Dinamización da lingua galega
Día Internacional contra o Acoso Escolar	2 de maio	Todos	Departamento de orientación
Semana das Letras Galegas	13 ao 17 maio	Todos	Dinamización da lingua galega
Día Mundial do Medio Ambiente	5 xuño	Todos	Equipo Ecoloxía

- Actividades extraescolares.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Excursión de fin de curso	Sen determinar	Todos	Equipo docente
Viaxe fin de curso alumnado de 6º	Sen determinar	6º	Titor 6º e equipo EACE

## 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Plan de Autoprotección foi elaborado a finais do curso 2021-2022 e foi exposto ao Claustro o martes 25 de outubro de 2022.

Conforme se indica no epígrafe 8.6 deste Plan, é necesario implantar as melloras que se indican a continuación con obxecto de cumprir a lexislación vixente en materia de seguridade e protección con obxecto de facer máis operativo o Plan de Autoprotección e co obxecto de axilizar as tarefas de evacuación do Centro:

1. Un lugar, propio e independente, para situar elementos a utilizar en caso de activar o PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. Nese lugar situarase:
  - Un megáfono para utilizar pola Dirección de Emerxencia durante a activación do PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. Recoméndase que teña sinalización acústica que poida usarse como sinal de emerxencia.
  - 3 walkie-talkies: un para cada membro do Equipo de Emerxencia.
  - Unha padiola para o transporte de feridos preto da zona de oficinas.
2. Todas as portas das aulas, con máis de 50 m<sup>2</sup> de superficie, e corredores que están na ruta de evacuación (ver planos do epígrafe 4.2.5) deberán ter un cartel indicador de “SALIDA” ou “SAIDA”. Esta sinalización será conforme a indicada no Real Decreto 485/1997, do 14 de abril. Colocar luminaria de emerxencia nos corredores do edificio de aulas, xa que hai zonas que obriga a xirar 90 grados ata saír do edificio.
3. Xa que o Centro ten máis de 2.000 m<sup>2</sup> construídos, disporá dun sistema de alarma que emita sinais visuais e acústicas, nas condicións que indica o Código Técnico de Edificación. Aínda que o centro non ten zonas de nivel de risco altos, recoméndase dispoña de sistema automático de detección de lumes na biblioteca, no cuarto onde se atopa o cadro eléctrico xeral do edificio de aulas, na sala da caldeira do edificio de aulas e nos lugares onde se almacene documentación.
4. Xa que o Centro ten máis de 2.000 m<sup>2</sup> construídos, disporá dunha BIE. Recoméndase que a manguera sexa de 25 mm de diámetro. Colocarase no interior do edificio, preto da porta de acceso ao Centro.
5. Xa que a sala da caldeira está no edificio de aulas, recoméndase facer un estudo de resistencia das paredes que contén a caldeira, no caso de que haxa unha explosión. No exterior da sala da caldeira, pero preto dela, debería de haber algún extintor.
6. Os corredores e as saídas de emerxencia estarán sempre libres de obstáculos e coa sinalización da dirección de evacuación, no sentido que se indican nos planos do Capítulo 4 deste Plan de Autoprotección.

7. Nos cadros eléctricos sinalizar o risco eléctrico conforme o Real Decreto 485/1997.

As datas de planificación dos simulacros obrigatorios que se levarán a cabo están pendentes de concretar.

## **7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO**

Durante este curso escolar 2023/2024 levaremos a cabo un PFPP no centro que terá 3 itinerarios:

1- Unificación de metodoloxías e ambientes de aprendizaxe. Con este seminario preténdese traballar sobre a liña metodolóxica do centro, para establecer unha coherencia interna no traballo entre etapas e entre ciclos. Partirase do traballo en linguas (galega e castelá) e continuarase coas matemáticas. Esta liña tamén abranguerá unha formación de traballo por ambientes de aprendizaxe na etapa de Educación Infantil, para ampliar os coñecementos sobre a mesma.

2- Implantación de Polos Creativos a través dos contextos de aprendizaxe. Este curso dáse saída ao programa Polos Creativos a través da metodoloxía da escola. Con esta liña preténdese mellorar a formación neste eido, así coma o deseño de actividades, coordinación, seguimento e realización de axustes necesarios.

3- Camiño cara a inclusión: aprendizaxe baseada en DUA. Esta formación responde a unha necesidade de dar resposta ás características do alumnado, xa que a escola amosa unha variedade de personalidades moi ampla. Mediante o DUA preténdese mellorar a programación e capacidade do persoal docente para dar atención dun xeito real e inclusivo a todo o alumnado. Este seminario comezouse en 2022/23, dándolle continuidade este curso con temas relacionados con técnicas de estudio, linguaxe natural asistida e deseño universal de aprendizaxe.

## Itinerario 1: Unificación de metodoloxías e ambientes de aprendizaxe.

Actividade formativa/programa: Afondamento na metodoloxía de centro						
<b>Descrición do programa</b>	Unificación da metodoloxía da escola entre as distintas etapas e os distintos ciclos. Formación en ambientes de aprendizaxe na etapa de E. Infantil.					
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	30					
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	CFR					
<b>Participantes</b>	14 profesores/as (77%)			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
<b>Nome coordinadora</b>	Marta Pedreira Currás					
<b>Nome asesor externo</b>	Manuel Abelleira Barros					

Obxectivos:

- Unificar e establecer coherencia na metodoloxía de centro entre as etapas educativas e os distintos ciclos.
- Reforzar e afondar no traballo por ambientes de aprendizaxe na educación infantil.
- Asentar as bases da metodoloxía da escola.

Contidos:

- Establecemento dunha liña curricular e de traballo coherente na área das linguas.
- Iniciación á planificación da liña de coherencia no ámbito das matemáticas.
- Afondamento no traballo por ambientes na educación infantil.
- Deseño e elaboración de espazos.
- Elaboración de materiais.

## Itinerario 2: Implantación de Polos Creativos a través dos contextos de aprendizaxe.

Actividade formativa/programa: Posta en marcha do programa Polos Creativos						
<b>Descrición do programa</b>	Posta en marcha de Polos Creativos a través da metodoloxía de centro.					
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	30					
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	CFR					
<b>Participantes</b>	12 profesores (66%)			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
<b>Nome coordinador</b>	Alfonso Muñiz Varela					
<b>Nome asesor externo</b>	Manuel Abelleira Barros					

Obxectivo:

- Implantar o programa Polos Creativos a través dos contextos de aprendizaxe, incluíndoo na metodoloxía de centro.
- Mellorar a competencia dixital do centro e da comunidade educativa.
- Aproveitar ao máximo os recursos dixitais do centro.

Contidos:

- Formación ao alumnado en alfabetización informacional e documental.
- Posta en funcionamento da radio escolar.
- Posta en funcionamento do taller de audiovisuais.
- Posta en funcionamento do taller de robótica.
- Posta en funcionamento da carpintaría.
- Elaboración de materiais.
- Seguimento do desenvolvemento dos contextos e propostas de mellora.

## Itinerario 3: Camiño cara a inclusión: aprendizaxe baseada en DUA

Actividade formativa/programa: Deseño de materiais curriculares						
<b>Descrición do programa</b>	Implantación de técnicas de estudo. Formación en linguaxe natural asistida. Continuación coa implantación do DUA na escola.					
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas</b>	30					
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
<b>Responsables</b>	CFR					
<b>Participantes</b>	13 profesores (75%)			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
<b>Nome</b>	Laura Suárez Balsa					

<b>coordinadora</b>	
<b>Nome asesor externo</b>	Manuel Abelleira Barros

Obxectivos:

- Adquirir prácticas, ferramentas e estratexias que solventen as barreiras para a inclusión educativa.
- Continuar coa implementación das pautas do DUA (Plan de Acción Inclusivo).
- Afondar nas ferramentas de linguaxe natural asistida.
- Implantar técnicas de estudo na metodoloxía da centro.

Contidos:

- Continuación da implantación do modelo do DUA.
- Implementación do PAI.
- Elaboración de recursos didácticos.
- Deseño de propostas flexibles.
- Implantación e utilización de mapas conceptuais.
- Avance na utilización de comunicadores.

## 8. PROXECTO EDUCATIVO

- As modificacións propostas fan que a estrutura organizativa quede da seguinte maneira:

### AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

- Dous grupos con idades heteroxéneas (3-6 anos) e un dos grupos con alumnado de 3 e 4 anos.
- Unha mestra de referencia para cada grupo e unha mestra de apoio.
- Unha aula de referencia para cada grupo antes do recreo.
- Circulación libre nos 3 ambientes que se describen a continuación:
  - A Cova: Ambiente con identidade propia, a natureza.
  - O Niño: Ambiente con identidade propia, o xogo simbólico.
  - A Olaría: Ambiente con identidade propia, o arte e a estimulación sensorial.

No momento de libre circulación libre realizarase unha actividade autónoma e espontánea de forma individual, en parellas ou pequeno grupo.

Neste tramo, respectarase a ratio máxima establecida en cada ambiente, que será de 10 alumnos ou alumnas.

Os luns, o alumnado de EI disporá do horario despois do tempo de lecer para participar na radio escolar.

#### ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Un grupo por nivel. Unha mestra ou mestre de referencia en cada nivel.
- Un aula de referencia para cada grupo.
- Nos tempos de contextos de aprendizaxe os grupos serán mixtos, é dicir, dous grupos mixtos de 1º e 2º, dous grupos mixtos de 3º e 4º e dous grupos mixtos de 5º e 6º.

Este curso haberá sete contextos, cada un cun mestre de referencia:

- Contexto Humanístico: Begoña Morquillas (1º e 2º) e Patricia Fraga (3º a 6º).
- Contexto Científico: Marta Pedreira (1º e 2º) e Víctor Lorán (3º a 6º).
- Contexto de Radio: Alfonso Muñiz
- Contexto de Audiovisuais: Laura Suárez
- Contexto de Robótica: Beatriz Vila
- Contexto de Carpintaría: Manuel Piñeiro
- Contexto de Técnicas de Estudo: María Castro (substituída por Víctor Dosil e Yolanda Guerrero).

#### ESPAZOS COMPLEMENTARIOS COMÚNS:

INTERIORES: biblioteca, ximnasio, aula de música e zonas de tránsito.

EXTERIORES: o patio da escola (horta, invernadoiro, charca, zona sensorial, zona de xogo simbólico...) e a contorna próxima como espazo aberto á aprendizaxe (praia, monte, praza do pobo ...).

#### O AMBIENTE DE APRENDIZAXE:

Destacamos a importancia dun ambiente preparado cunha estética coidada e amable. O obxectivo para o presente curso escolar é continuar coa mellora dos espazos interiores e exteriores:

- Continuar co desenvolvemento do deseño dos tres ambientes iniciado no derradeiro curso na etapa de Infantil.
- Continuar co deseño e mellora de espazos en educación primaria.
- Continuar coa mellora do espazo da Biblioteca.

- En canto á estrutura pedagóxica faremos un énfase especial nas seguintes da xornada:

### EDUCACIÓN INFANTIL

- Entrada relaxada
- Acollida
- Círculo
- Tempo de grupo
- Especialidades
  - Música
  - Psicomotricidade (diaria)
  - Relixión/Valores
- Merenda e recreo
- Ambientes
- Círculo
- Saída relaxada

### EDUCACIÓN PRIMARIA

#### **Primeiro ciclo**

- Entrada relaxada
- Acollida: lectura e faladoiro
- Tempo de grupo
- Contextos de aprendizaxe
- Merenda e recreo
- Especialidades
  - Música
  - Psicomotricidade
  - Relixión/Valores
  - Inglés
- Saída relaxada

### EDUCACIÓN PRIMARIA

#### **Segundo e terceiro ciclo**

- Entrada relaxada



- Acollida
- Círculo
- Tempo de grupo/ Especialidades
  - Música
  - Educación física
  - Relixión/Valores
  - Inglés
- Contextos
- Merenda e recreo
- Tempo de grupo/ Especialidades
  - Música
  - Educación física
  - Relixión/Valores
  - Inglés
- Saída relaxada

## **CÍRCULO E ASEMBLEA**

Círculo: espazo para o encontro, recoñecernos e recoñecer ao grupo, ter presentes ás persoas ausentes, xerar vínculo, o diálogo e a escoita.

Asemblea: estrutura democrática para a xestión do grupo e a toma de decisións.

O círculo e a asemblea poderán desenvolverse cando sexa necesario ao longo de toda a xornada. Mantense na estrutura o círculo como momento de encontro con todo o grupo a primeira hora da mañá e antes da saída.

Na etapa de Educación Infantil, o círculo non ten que durar a sesión completa (depende de como se sinta o grupo, das necesidades do momento, ...). O obxectivo principal deste momento nesta etapa é o encontro grupal despois da acollida individual, recoñecernos e recoñecer ao grupo e gozar en compañía de nós mesmas/os e das demais persoas.

Este momento responderá ás necesidades da etapa e potenciarase o círculo no exterior.

En función do día e das necesidades do momento:

- Saudamos ao grupo e temos presentes ás persoas ausentes.
- Se alguén o precisa ou o grupo o precisa, conversamos.

- Cantamos e bailamos.
- No exterior, sentimos e observamos o tempo e o seu paso (as árbores, a caída das follas, a cor do ceo, o son da choiva ...).
- Paseo musical polo patio.
- Anticipamos a xornada.
- Presentamos algún material.
- Realizamos algún xogo.

En 1º e 2º de Educación Primaria, incorporamos a este momento unha serie de dinámicas como, por exemplo, o emprego do calendario, temáticas diarias faladoiros, dinámicas de grupo... É importante destacar a flexibilidade deste momento ao longo do curso (retirar, evolucionar ou incorporar dinámicas).

De 3º a 6º de Educación Primaria, podemos incorporar dinámicas como a prensa (revisión de distintos xornais e elección dunha nova para compartir co grupo), a predición meteorolóxica, debates preparados, exposicións orais, faladoiros ...

### **NOS AMBIENTES:**

- Xogo libre e espontáneo.
- Xogo individual ou en pequeno grupo.
- Autonomía.
- Autorrealización.
- Actividade focalizada.
- Aprendizaxe de dentro cara a fóra.
- Seguridade.
- Afecto.
- Respecto.
- Coidado da estética.
- Harmonía.
- Orde.
- Coidado do espazo e coidado persoal.
- Selección coidadosa do material.
- Deseño de invitacións e/ou provocacións.
- Rol da infancia. Papel activo.

- Rol da persoa acompañante. Non dirixe.
- Respecto polos procesos individuais.
- Programación.
- Normas e límites.
- Calma e goce.
- Respostas globais, relacionadas con todas as linguaxes, e inclusivas.
- Respostas ás necesidades da etapa e individuais.

### **CONTEXTOS (1º E 2º)**

Tempo para o traballo en pequeno grupo ou en parellas no que se desenvolven distintas estruturas cun enfoque globalizador e competencial (caixas de aprendizaxe, investigacións...).

Para o deseño das propostas é importante ter presente que, nesta etapa, as nenas e nenos atópanse en pleno proceso de aprendizaxe da lectoescritura.

Tamén tense en conta que os ritmos son máis lentos e a necesidade de máis actividades e máis curtas na súa duración.

### **CONTEXTOS (3º a 6º)**

Nos contextos deseñaranse propostas competenciais para desenvolver de maneira colaborativa ou cooperativa. En cada contexto elaborárase un produto final interno, con proxección social e/ou que contribúa á transformación da sociedade.

Exemplos de produtos finais dos contextos: trípticos para o centro de saúde, programa de radio, liñas do tempo para expoñer na praza do pobo, maquetas, entrevistas, inventarios, rutas, plans de mellora da contorna...

### **TEMPO DE GRUPO**

Tempo no que todo o grupo, coa persoa titora, desenvolve unha serie de propostas relacionadas coas distintas áreas do currículo. Poderán levarse a cabo diferentes estruturas (tecidos de aula, obradoiros, plans de traballo individuais ...) e agrupamentos (pequeno grupo, parellas ou individual). No tempo de grupo o obxectivo é que cada nena e cada neno afiance unha serie de procesos e adquira as técnicas necesarias para poder aplicalas noutro tipo de estruturas e aprendizaxes.

Os distintos tipos de aprendizaxe, estruturas e acompañamentos complementáanse.

## 9. CONCRECIÓN CURRICULAR

A nivel curricular introdúcese as seguintes modificacións:

- A agrupación das áreas de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura, en área de Coñecemento Lingüístico en todos os cursos de Educación Primaria.
- Ampliación do traballo por Contextos de Aprendizaxe: humanístico, científico, radio, audiovisuais, carpintaría, robótica e técnicas de estudo.
- Mestres especialistas en 2º e 3º ciclo:

Matemáticas: Manuel Piñeiro (2º ciclo) e Víctor Lorán (3º ciclo).

Linguas: Patricia Fraga (2º ciclo) e Beatriz Vila (3º ciclo).

## 10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

No Centro non se empregan libros de texto.

Recursos materiais:

Empregarase material variado para acompañar os procesos de aprendizaxe e dar resposta ás necesidades e curiosidades do alumnado.

- Material desestruturado.
- Material sensorial.
- Material manipulativo estruturado relacionado cos distintos ambientes e áreas.
- Material elaborado pola persoa titora e/ou persoas especialistas.
- Material relacionado coa contorna próxima do alumnado.
- Material relacionado coas diferentes culturas de procedencia do alumnado.
- Material natural.
- Material tecnolóxico.

Recursos humanos.

## 11. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
--------------------	-------------------	---------------------

Patricia Fraga Freitas	3	Titor/a
<b>Nome equipo apoio/dinamización</b>		<b>Nivel/Especialidade</b>
Manuel Piñeiro Sánchez		Titor/a EP
María José Mollinedo García		Relixión Católica
Víctor Manuel Lorán Arén		Titor/a EP
Carmen Santiago Poza		Titora EI
Carmen María Expósito Luna		Titora EI
Begoña Morquillas Abalo		Titora EP

- Horario:

<b>Horarios funcionamento biblioteca</b>	
Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en <b>horario lectivo</b>	<p>Cada curso terá asignada unha sesión semanal fixa para realizar o préstamo na biblioteca durante o curso.</p> <p>Ademais, o acceso á biblioteca do noso alumnado será de forma continua, aberta e interdisciplinar, tanto para a adquisición información de xeito autónomo, para momentos de lectura, dinámicas, etc.</p>
Horario de apertura en horario <b>non lectivo</b> .	<p>Abrirase os luns, mércores e xoves pola tarde, das 16:00h ás 18:00h, e será atendida polos diferentes mestres e mestras do centro.</p> <p>A data de inicio será o primeiro luns do mes de outubro.</p>
Horario para a coordinación de biblioteca.	<p>Martes (9.00 a 10.40)</p> <p>Venres (12.20 a 13.10)</p>

	Ademais outros membros do equipo de biblioteca teñen algunhas sesións durante a semana.
--	---

- Forma parte do Plan de mellora de bibliotecas escolares dende o curso 2014-2015.
- O Orzamento asignado á biblioteca para fondos documentais e bibliográficos, correspóndese cun 7 % do presuposto anual do Centro.

- Obxectivos xerais:

<b>Obxectivo: Dinamizar boas experiencias lectoras</b>			
<b>Acción 1</b>	Realización de diferentes actividades ao longo do curso: lectura de libros, contacontos, exposicións, poemas, xogos, dramatizacións, creación para o colexio...		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	As propias actividades e a motivación do alumnado		
<b>Responsables</b>	Equipo da biblioteca		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos persoais, fondos bibliográficos, ...		

<b>Obxectivo: Contribuír á mellora da lectura e da escritura en diferentes formatos físicos, coidando tanto os aspectos formais como o goce.</b>			
<b>Acción 1</b>	Realización de diferentes actividades: o espazo lector, da hora de ler, apadriñamentos lectores, formación de usuarias e usuarios, dramatizacións, obradoiros, composición de carteis e libros propios...		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	As propias actividades		
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado do centro		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos persoas, da biblioteca e do centro.		

**Obxectivo:** Promover a curiosidade pola información e o manexo da mesma, tanto en formato físico como dixital

<b>Acción 1</b>	Realización de diferentes buscas, proxectos, producións, etc de temáticas diversas.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O propio traballo do alumnado		
<b>Responsables</b>	O profesorado do centro		
<b>Recursos e materiais</b>	Fondos e recursos bibliográficos, tecnolóxicos, etc..		

**Obxectivo:** Adquirir novos fondos bibliográficos para dar resposta as necesidades e curiosidades do alumando.

<b>Acción 1</b>	Adquisición de novos fondos bibliográficos		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Utilización dun 50% a 70% do presuposto para a adquisición de novos fondos bibliográficos.		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca, participando todo o profesorado		
<b>Recursos e materiais</b>	Fondos e recursos bibliográficos, tecnolóxicos, material educativo manipulativo, etc..		

**Obxectivo:** Promover e adquirir lecturas pedagóxicas e de interese para as familias.

<b>Acción 1</b>	Adquisición de lecturas de interese para as familias		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Utilización de parte do presuposto para a adquisición de lecturas para as familias.		
<b>Responsables</b>	O equipo de biblioteca		
<b>Recursos e materiais</b>	Libro de rexistro de empréstitos.		

## 12. CONCRECIÓN ANUAL PLAN ANUAL DE LECTURA

O Plan Anual de Lectura vai dirixido a mellorar a competencia lingüística do noso alumnado, polo que dende o centro prestamos moita importancia a mesma.

Non só a biblioteca, senón tamén a aula, o espazo exterior (e de lecer) e o propio fogar, son espazos de promoción do hábito lector, a través das actividades programadas ao longo do curso, tanto polo equipo da biblioteca como por outros equipos docentes. Así, vai dirixido ao alumnado, en tanto que queremos estimular o pracer pola lectura; ao profesorado, como motor e guía; e para as familias, facendo de modelos a seguir nos fogares.

A “hora de ler” realízase todos os días nunha franxa horaria establecida polas persoas titoras.

<b>Obxectivo: Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura e a escritura.</b>			
<b>Acción 1</b>	Establecemento dun tempo de ler diario dedicado exclusivamente á lectura por pracer.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado goza dun tempo diario para a lectura por pracer.		
<b>Responsables</b>	Alumnado e profesorado, como responsable de favorecer un tempo e un clima axeitado que motive ao alumnado.		
<b>Recursos materiais</b>	Cada aula contará cunha variedade de recursos axeitados á idade do alumnado, tanto na aula como na biblioteca.		
<b>Acción 2</b>	Horario asignado para cada nivel educativo para realizar o préstamo de libros e un horario libre para o acceso á busca da información na biblioteca.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado visita a biblioteca como mínimo unha sesión á semana.		
<b>Responsables</b>	Alumnado e profesorado.		
<b>Recursos materiais</b>	Fondos bibliográficos.		



<b>materiais</b>			
<b>Acción 3</b>	Organización de actividades na biblioteca invitando a diferentes persoas.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	As actividades realizadas.		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca.		
<b>Recursos materiais</b>	e Recursos humanos: escritoras e escritores galegos, compañías de teatro ou monicreques, músicos,...		
<b>Acción 4</b>	Mochilas viaxeiras.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado levará a mochila viaxeira para a casa		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca e titores/titoras.		
<b>Recursos materiais</b>	e Fondos bibliográficos e mochila viaxeira que levará dentro un caderno para que o alumnado e as familias describan ou debuxen as experiencias.		
<b>Acción 5</b>	Apadriñamentos lectores		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado forme parte do apadriñamento lector, tanto, dende o rol de padriño/ madiña como de apadriñado/a.		
<b>Responsables</b>	Profesorado, alumnado e familias.		
<b>Recursos materiais</b>	e Fondos bibliográficos da propia biblioteca escolar e externos aportados polas familias.		
<b>Acción 6</b>	Promoción dos recursos da biblioteca e presentación das novidades,		

	co fin de dalos a coñecer e fomentar o seu uso.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado sabe onde poden ver as novidades e recibe información por parte do equipo da biblioteca ou dos/as titores/titoras.
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca.
<b>Recursos e materiais</b>	Fondos bibliográficos.
<b>Acción 7</b>	Celebración de Conmemoracións traballadas dende a biblioteca e desde outros equipos do centro.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 100% do alumnado participa no desenvolvemento das actividades programadas para estes días.
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca e todo o profesorado. (programando e desenvolvendo as actividades)
<b>Recursos e materiais</b>	Fondos bibliográficos e persoais, recursos da biblioteca e do centro.
<b>Acción 8</b>	Elaboración do Plan Lector.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O propio documento: Plan Lector.
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca e profesorado.
<b>Recursos e materiais</b>	Persoais.
<b>Acción 9</b>	Adquisición de novos fondos bibliográficos, tanto de consulta como de ficción.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Adquisición de novos fondos en función das necesidades, motivacións, proxectos, etc.

<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca e profesorado.		
<b>Recursos materiais</b>	Persoais e fondos bibliográficos.		
<b>Acción 10</b>	Realización do expurgo, e posterior actividade “Adopta o teu libro”.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	A propia actividade.		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca e profesorado.		
<b>Recursos materiais</b>	Persoais e fondos bibliográficos.		

### 13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Laura Suárez Balsa	-	PT
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Alfonso Muñiz Varela		Música
Sergio López Valle		LE: Inglés

- Cursos e nº de alumnado participante en Edixgal:

Curso	Nº grupos	Nº alumnos/as	Nº materias	Nº Profesores/as participantes	Faise uso do espazo Abalar polas familias
5º EP	1	20	9	6	SI
6º EP	1	18	9	6	SI

- Uso aula virtual Moodle

Curso	Nº grupos	Nº alumnos/as	Nº materias	Nº Profesores/as participantes	Faise uso da aula virtual polas familias
Infantil A	1	11	Globalizado	19	SI
Infantil B	1	10	Globalizado	19	SI
Infantil C	1	6	Globalizado	19	SI
1º EP	1	9	9	19	SI
2º EP	1	12	9	19	SI
3º EP	1	19	9	19	SI
4º EP	1	16	9	19	SI
5º EP	1	20	9	19	SI
6º EP	1	18	9	19	SI

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

<b>Obxectivo 1: Integrar o uso das TICs no traballo diario das aulas atendendo ás particularidades de cada nivel educativo.</b>			
<b>Acción 1</b>	Dominio e manexo básico das TICs		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 80% do alumnado do 1º ciclo de EP manexa de xeito básico os dispositivos tecnolóxicos cos que se traballa.		
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos tecnolóxicos (tabletas)		
<b>Acción 2</b>	Dominio e manexo competente das TICs		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 80 % do alumnado do 2º e 3º ciclo de EP manexa de xeito competente os dispositivos tecnolóxicos cos que traballa.		
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos tecnolóxicos (tabletas e ordenadores).		
<b>Acción 3</b>	Dominio e emprego básico da aula virtual.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 80% do alumnado do 1º ciclo de EP manexa de xeito básico a aula virtual		
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos tecnolóxicos (tabletas)		
<b>Acción 4</b>	Dominio e emprego competente da aula virtual.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 80 % do alumnado do 2º e 3º ciclo de EP manexa de xeito competente a aula virtual.		
<b>Responsables</b>	Todo o profesorado.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos tecnolóxicos (ordenadores).		

<b>Obxectivo 2: Colaborar no seguimento e posta en funcionamento do Plan Dixital</b>	
<b>Acción 1</b>	Empregar e coñecer, de xeito progresivo, o uso da maqueta Abalar

	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O 80 % do alumnado 2º e 3º ciclo coñece e manexa algún aplicativo da maqueta Abalar		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS		
<b>Recursos e materiais</b>	Maqueta Abalar e ordenadores.		
<b>Acción 2</b>	Volcar o inventariado na app da consellería e no servidor do centro.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Inventario reflexado na app de inventariado e no servidor.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS		
<b>Recursos e materiais</b>	Base de datos e equipo informático.		
<b>Acción 3</b>	Establecer un orde visual no almacén.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Todo o material atópase sinalizado ou pictografiado.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS		
<b>Recursos e materiais</b>	Maqueta Abalar e ordenadores.		

<b>Obxectivo 3: Dinamizar os espazos de Polos Creativos a través dos contextos</b>			
<b>Acción 1</b>	Dinamizar o espazo de radio a través do RadioDeiro		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado pasará unha estimación de 10 horas no contexto de radio.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS e persoa responsable do contexto.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo de radio, ordenadores, maqueta abalar e tabletas.		
<b>Acción 2</b>	Dinamizar o espazo de carpintería a través do ObraDeiro.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado pasará unha estimación de 10 horas no contexto de carpintería.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS e persoa responsable do contexto.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo de carpintería.		
<b>Acción 3</b>	Dinamizar o espazo de biblio a través de Robótica e uso da plotter.		

	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado pasará unha estimación de 10 horas no contexto de robótica.		
<b>Responsables</b>	O alumnado pasará unha estimación de 10 horas no contexto de robótica		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo de robótica, maqueta abalar, ordenadores y tablets.		
<b>Acción 4</b>	Dinamizar o espazo de audiovisuais a través de TeleViñagrande.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado pasará unha estimación de 10 horas no contexto de audiovisuais.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS e titor do contexto		
<b>Recursos e materiais</b>	Maqueta abalar, ordenadores, equipo de TeleViñagrande		

<b>Obxectivo 4: Elaborar documentación pedagóxica de espazos</b>			
<b>Acción 1</b>	Crear guías de uso para os diferentes espazos de Polos Creativos.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Guías de uso elaboradas para os espazos de polos creativos.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS e profesorado		
<b>Recursos e materiais</b>	Maqueta Abalar e ordenadores		
<b>Acción 2</b>	Crear un documento de comunicación interna e externa		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Documento creado de comunicación interna e externa.		
<b>Responsables</b>	Equipo TICS		
<b>Recursos e materiais</b>	Maqueta abalar e ordenadores.		

<b>Obxectivos dentro do Plan Dixital de centro en Educalidade.</b>	
<b>O01PD</b>	Formar ao alumnado en alfabetización informacional e documental.
<b>O02PD</b>	Poñer en funcionamento a radio escolar, Radio Deiro.
<b>O03PD</b>	Poñer en funcionamento a o taller de carpintería Obradeiro.
<b>O04PD</b>	Poñer en funcionamento o espazo de robótica, ploter de corte.
<b>O05PD</b>	Poñer en funcionamento o espazo audiovisual, TeleViñagrande.

<b>O06PD</b>	Controlar a sobreexposición do alumnado ás redes sociais e videoxogos.
<b>O07PD</b>	Definir os criterios de difusión da información do centro a nivel dixital.

O enlace ao plan completo amósase premendo no seguinte enlace.

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36013059>

## 14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán	0	EF
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Atanes Bouzón, Sandra		EI
Bermúdez García, María Luisa		Orientación
Expósito Luna, Carmen María		EI
Fraga Freitas, Patricia		EP
García Prieto, Susana		EI
Guerrero Mariño, Yolanda		PT
López Valle, Sergio		Inglés
Lorán Arén, Víctor Manuel		EP
Mollinedo García, María Josefa		Relixión
Morquillas Abalo, Begoña		EP
Muñiz Varela, Alfonso		Música
Pedreira Currás, Marta		EP
Piñeiro Sánchez, Manuel		EP
Rodríguez Ceballos, Carolina María		AL
Santiago Poza, Carmen		EI
Suárez Balsa, Laura		PT
Suárez Pereira, Lucía		AL
Vila Rodríguez, Beatriz		EP

**Obxectivo: Incentivar a práctica, dende un punto de vista educativo e saudable, de actividades físicas por parte do alumnado buscando un estilo de vida activo.**

<b>Acción 1</b>	Participar en diferentes modalidades deportivas dentro do Programa Xogade.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado participa en diferentes modalidades deportivas dentro do deporte escolar, entre as que se atopan: xornadas de vela lixeira, atletismo en pista, piragüismo, deportes autóctonos, carreira popular do Salnés e xornadas multideportivas.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado e diversos recursos en función das diferentes actividades.		
<b>Acción 2</b>	Gozar da práctica de actividade física no medio natural.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado goza da práctica de actividade física nas diferentes saídas pola contorna que se levarán a cabo ao longo do curso.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado e entorno natural próximo ao centro.		
<b>Acción 3</b>	Practicar diariamente actividade física buscando un estilo de vida activo.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado decídese pola práctica de actividade física na hora de lecer grazas a unha variedade de material deportivo posto á súa disposición.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado e todo o material solicitado polo alumnado (previa solicitude e tras validar a súa idoneidade)		

**Obxectivo: concienciar a toda a comunidade educativa da importancia de adquirir hábitos alimenticios saudables dende a infancia promovendo o consumo de produtos locais da terra e do mar.**

<b>Acción 1</b>	Manipular, preparar e probar alimentos recollidos no propio horto.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>



<b>Indicador</b>	O alumnado cultiva, coida e recolle diferentes variedades de froitos e verduras no horto escolar incidindo na importancia do seu coidado.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado, horto, sementes, plantas, auga... e todo o material necesario para coidar dos alimentos sementados e plantados.		
<b>Acción 2</b>	Cociñar o recollido no horto implicando ás familias.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
<b>Indicador</b>	O alumnado utiliza o recollido no horto para cociñar receitas saudables coa axuda das familias.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado, electrodomésticos (forno, micro, sartén...), utensilios de cociña, receitas...		
<b>Acción 3</b>	Promover o consumo de froita a diario incidindo nas merendas.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
<b>Indicador</b>	O alumnado opta por traer froita merendar no colexio.		
<b>Responsables</b>	María Castro Nine / Víctor Manuel Dosil Guzmán. Colabora todo o claustro.		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado, froita.		

## 15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 15.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
María Castro Nine Substituto: Víctor Manuel Dosil Guzman	1	EF
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Yolanda Guerrero Mariño		PT

### 15.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Unha parte dos obxectivos son acadados segundo o previsto. Pola contra, a realización e temporalización dalgunha actividade tivo que ser modificada ou cancelada. A avaliación do proxecto dende o EDLG é necesaria e importante e cremos necesario seguir mellorando a coordinación cos outros equipos. O obxectivo para o vindeiro ano será que os distintos equipos presentes no centro con competencias para a programación de actividades busquen a maneira de levar a cabo un proxecto común entre todos e todas, cunha temporalización ben establecida dende o inicio e co establecemento das persoas responsables en por en marcha as actividades planificadas, tanto as que o alumnado desenvolva na aula co seu titor/a, as que se realicen dende o centro como aquelas a realizar coa familia. Deste xeito cremos que se establecerá unha maior implicación coa finalidade de garantir o éxito na realización das diferentes actividades.

Da valoración do profesorado podemos extraer as seguintes **propostas de mellora**:

- Garantir que as actividades que se leven a cabo provoquen consecuencias positivas no uso do galego na comunidade educativa.
- Organizar as diferentes actividades en relación aos contidos que se estean traballando nas aulas na medida do posible.
- Establecer canles de comunicación coas familias a través da rede onde se comenten as actividades desenvolvidas, se fagan propostas, etc.
- Programar actividades encamiñadas ao fomento da lingua oral en galego. Propoñemos que o vindeiro ano se traballe o teatro, videoconferencias, volver poñer en funcionamento o Informadeiro (tv, radio e prensa escrita en galego),... actividades que potencien o uso da linguaxe oral en galego.
- Seguir dispoñendo dun tempo de xuntanza do equipo para poder organizar e propor as diferentes actividades.

### 15.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: Fomentar o uso da lingua galega escrita	
Acción 1	Publicación da Revista escolar do curso actual.
	Temporalización

	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
<b>Indicador</b>	<b>Editar e publicar a revista</b>		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible. TICs.		
<b>Acción 2</b>	Difusión a través do blogue de novas e actividades que se desenvolvan.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
<b>Indicador</b>	<b>Manter o blogue actualizado</b>		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	TICs		

<b>Obxectivo: Promover a cultura tradicional galega</b>			
<b>Acción 1</b>	Vivenciar a música galega		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T	2º T	3º T
<b>Indicador</b>	<b>Presenza de música galega no 100% das conmemoracións</b>		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado, familias, TICs, instrumentos musicais, grupos de música tradicional da contorna próxima...		
<b>Acción 2</b>	Poñer en valor as festividades tradicionais galegas.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T	2º T	3º T
<b>Indicador</b>	Levar a cabo as diferentes celebracións dende unha perspectiva 100% tradicional: gastronomía, música, xogos, ...		
<b>Responsables</b>	EDLG, membros do claustro, alumnado		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente, alumnado, Achegas realizadas polas familias, diferentes materiais propios de cada ámbito a tratar: gastronómico, musical, lúdico, Material funxible e TICs		

<b>Obxectivo: Implicar á Comunidade Educativa</b>			
<b>Acción 1</b>	Manter comunicación e coordinación do EDLG co equipo docente		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T	2º T	3º T

<b>Indicador</b>	Comunicación e coordinación dos membros do EDLG co equipo docente de forma mensual		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente		
<b>Acción 2</b>	Informar e implicar ás familias nas actividades de centro		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	<b>As familias colaboran nas actividades propostas a nivel de centro</b>		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente e familias		

<b>Acción 3</b>	Usar a lingua galega no centro		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Uso da propia lingua		
<b>Responsables</b>	Membros do EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Equipo docente		

#### 15.4. MODIFICACIÓNS NA DOCENCIA DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Non houbo modificacións.

### 16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

#### 16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefa	
María Luisa Bermúdez García	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Laura Suárez Balsa	PT
Yolanda Guerrero Mariño	PT

Carolina María Rodríguez Ceballos	AL
Lucía Suárez Pereira	AL
Sandra Atanes Bouzón	Titora E.I.
Carmen María Expósito Luna	Titora E.I.
Carmen Santiago Poza	Titora E.I.
Susana García Prieto	Apoio E.Infantil
Begoña Morquillas Abalo	Titor/a EP
Marta Pedreira Currás	Titor/a EP
Manuel Piñeiro Sánchez	Titor/a EP
Patricia Fraga Freitas	Titor/a EP
Beatriz Vila Rodríguez	Titor/a EP
Victor Lorán Arén	Titor/a EP
Sergio López Valle	LE: Inglés
José Alfonso Pais Otero	Música
Víctor Manuel Dosil Guzmán substitúe a María Castro Nine	EF
María Josefa Mollinedo García	Relixión Católica

## 16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

O centro conta cun departamento de orientación compartido, o que implica certas dificultades á hora de establecer as reunións de coordinación entre os membros do D.O., como co resto de órganos de coordinación docente do centro, tal como se recolle na memoria do D.O. do curso pasado. Estableceuse un calendario de reunións do D.O., coincidindo co martes no que está ao completo o DO no centro.

Sinalaremos, tamén, a necesidade de adquirir por parte do D.O., de novos materias de avaliación, xa que, non contamos con suficientes, e os que temos están bastantes desfasados. Isto complica a realización das avaliacións psicopedagóxicas.

En canto ao alumnado, destacar a continuidade da aula de inclusiva, que escolariza a cinco alumnos e alumnas. Ás veces os espazos non son suficientes, cando coinciden varias especialistas en sesións fóra da aula, polo que é necesario establecer os apoios tendo en conta os espazos dispoñibles.

No momento actual hai alumnado con NEAE en tódolos niveis educativos, e alumnado con NEE tanto no 2º ciclo de Educación Infantil como en Educación Primaria.

Durante o curso 2020-2021 habilitouse unha unidade de atención a alumnado NEE, o que implica a asignación de dous recursos persoais a maiores: 1 mestra de PT e unha mestra de AL.

Asemade, o centro segue a contar co profesorado especialista de catálogo: unha mestra especialista de PT a tempo completo e unha mestra especialista en AL compartida

co CEIP de San Roque-Corón.

### **16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

#### **• Medidas ordinarias:**

- Axuste de metodoloxía, organización espazo-temporal e agrupamentos. Este axuste será levado a cabo polo profesor/a de cada área.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias da súa contorna.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: levado a cabo pola persoa titora e polo profesorado con dispoñibilidade horaria co asesoramento, de ser o caso, do DO. As familias serán informadas da medida e quedará rexistrado no XADE.
- Apoio do profesorado dentro da aula. Será levado a cabo polo profesorado que conte con dispoñibilidade horaria e o profesorado titor responsable da materia é quen organiza as actividades durante esas sesións de xeito que o alumnado aumente o seu rendemento e evolución coa presenza doutro docente na aula.
- Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e procedementos de avaliación.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

#### **• Medidas extraordinarias:**

- Adaptación Curricular: será levada a cabo cando o emprego das medidas ordinarias son insuficientes . A persoa docente responsable da materia/s é a responsable da súa elaboración.
- Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica: a intervención vai precedida da elaboración dun plan de traballo que se axustará ás

necesidades que presenta o alumnado e ao número de sesións que pode impartir. As familias serán informadas da medida e farase seguimento dende a titoría.

Todas estas medidas son as establecidas de acordo ás necesidades iniciais detectadas. Poderanse engadir máis se así se establecera nas avaliacións ao longo do curso tal e como se establece no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia e na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia.

Partindo da última sesión de avaliación (final) realizada no curso 2022-2023 e das avaliacións iniciais feitas polo profesorado no inicio do presente curso, establecéronse medidas de atención á diversidade tanto ordinarias como extraordinarias.

NIVEL		MEDIDAS
EI	A	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas ordinarias (titoras, mestra de apoio e PT).</li> <li>- Medidas de atención á diversidade extraordinarias das especialistas de AL.</li> </ul>
	B	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de atención á diversidade ordinarias (titoras e mestra de apoio).</li> <li>- Medidas de atención á diversidade extraordinarias das especialistas de PT e AL.</li> <li>- Escolarización combinada coa UEE do centro.</li> <li>- Atención por parte da ATE.</li> </ul>
	C	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titoras e mestra de apoio).</li> </ul>
EP	1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titora e profesorado con dispoñibilidade horaria), entre elas, o programa de enriquecemento curricular.</li> <li>- Medidas de atención á diversidade extraordinarias da especialista de AL.</li> </ul>
	2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titora e profesorado con dispoñibilidade horaria).</li> <li>- Medidas de atención á diversidade extraordinarias da especialista de AL.</li> </ul>
	3º	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titora e profesorado con dispoñibilidade horaria), entre elas, o programa de enriquecemento curricular.</li> <li>- Medidas de atención á diversidade extraordinarias das especialistas de PT e AL.</li> <li>- ACS.</li> <li>- Atención por parte da PAC.</li> <li>- Escolarización combinada coa UEE do centro.</li> </ul>

	- Emprego de SAAC.
4º	- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titora e profesorado con dispoñibilidade horaria). - Medidas de atención á diversidade extraordinarias das especialistas de PT e AL. - ACS. - Atención por parte da PAC. - Escolarización combinada coa UEE do centro.
5º	- Medidas ordinarias de atención á diversidade (titora e profesorado con dispoñibilidade horaria), entre elas, o programa de enriquecemento curricular. - Medidas de atención á diversidade extraordinarias das especialistas de PT e AL. - ACS. - Escolarización combinada co CEE BATA “Os mecos”. - Atención por parte da PAC.
6º	- Medidas de atención á diversidade ordinarias: profesorado con dispoñibilidade horaria. - Medidas de atención á diversidade extraordinaria da especialista de PT e AL. - Escolarización combinada coa UEE do centro. - ACS.

Todas estas necesidades, así como as medidas a tomar, estarán suxeitas aos posibles cambios que aparezan ao longo do curso despois dos seguimentos e valoracións pertinentes.

#### 16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO

DATA	TAREFA	RESPONSABLE	RECURSOS
2ª-3ª semana de setembro	Proposta de organización dos apoios de PT/AL.	Profesorado de PT/AL coa XD de Orientación.	Información recollida na avaliación final. Información recollida nos informes finais individualizados.
2ª -3ª semana de setembro	Proposta de organización do horario da ATE.	Xefa do DO. ATE.	Informes do alumnado NEE. Avaliación final de curso.
4ª semana de setembro e 1ª semana de outubro	Proposta de organización do horario para o profesorado con dispoñibilidade horaria.	X.D. de Orientación e Xefa de Estudos	Informes do DO. Resultados avaliación final. Proposta de alumnado realizada polos titores/as no inicio de curso.
Ao longo do mes de setembro	Realización de informes e certificados para becas NEAE. Tramitación de becas.	XD de Orientación. Equipo Directivo.	Documentación que consta no arquivo do DO.
Setembro-	PXA: puntos relativos a NEE e	XD de Orientación.	Recursos do DO.



outubro	información do DO.		
Outubro- Novembro	Realización avaliacións psicopedagóxicas que quedaron pendentes do curso 2021-2022	XD de Orientación	Recursos do DO.
1ª semana de novembro	Revisión de AC.	XD de Orientación e titores/as.	Os propios documentos.
Novembro	Cumprimentación DRDADI.	XD de Orientación.	Recursos do DO.
3ª semana de decembro	Participación nas sesións de avaliación.	XD de Orientación e mestras de PT e AL.	Recursos do DO.
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha.	XD Orientación.	Informes obtidos na 1ª avaliación.
Febreiro-xuño	Realización dunha exploración psicopedagóxica á totalidade do alumnado que cursa 6º de EI e 6º de E.P.	XD de Orientación.	BADYGI, E1, e E3.
3ª semana de marzo	Participación nas sesións de avaliación.	XD de Orientación e mestras de PT e AL.	Recursos do DO.
Abril	Revisión das actuacións postas en marcha e propostas de novas segundo os resultados da avaliación.	XD de Orientación.	Resultados da 2ª avaliación.
Maio	Visita a centros adscritos	XD orientación e titora de 6º EP.	Informes do alumnado.
Maio- xuño	DRD.	XD de Orientación.	Recursos do DO.
Xuño	Elaboración dos informes do alumnado que remata EP e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	XD de Orientación.	Recursos do DO.
Xuño	Redacción da memoria do DO.	XD de Orientación.	Recursos do DO.
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado, do alumnado e das familias.	Calquera membro do equipo de orientación segundo demandas.	Recursos do DO.
Todo o curso	Reunións do equipo de Orientación.	XD de Orientación e profesorado de PT e AL.	Recursos do DO.
Todo o curso	Reunións do DO.	XD de Orientación e membros do DO.	Recursos do DO Información facilitada polos distintos compoñentes do DO.
Cada mes	Elaboración das actas das reunións do equipo de orientación e DO.	XD de Orientación.	Datos obtidos na reunión.
Todo o curso	Asesoramento á comunidade educativa.	XD de Orientación.	Recursos do DO.
Todo o curso	Asesoramento na acción tutorial.	XD de Orientación.	Recursos do DO.
Xuño	Cumprimentación DRDORIENTA	XD de Orientación	Administración Educativa

A Orientadora acode ao centro en martes alternos. De 16:00 a 17:00 horas, reunión de D.O. De 17:00 a 18:00 reunión, de D.O. coa PT, AL e ciclo correspondente. De 18:00 a 19.00, horario de atención a familias. A coordinación entre o profesorado titor e

especialistas será os martes de 16:00 a 17:00h. e os martes alternos, en horario de 18:00 a 19:00h. , previa solicitude.

As reunións do DO, mensuais, no presente curso, terán lugar nas seguintes datas, a cales poderán verse modificadas en función das necesidades organizativas do centro.

4 de setembro de 2023	20 de febreiro de 2024
24 de outubro de 2023	23 de abril de 2024
21 de novembro de 2023	21 de maio de 2024
23 de xaneiro de 2024	25 de xuño de 2024

## 17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN BENESTAR E CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

<b>Nome Coordinador/a de benestar e convivencia</b>	<b>Nivel/Especialidade</b>
Beatriz Vila Rodríguez	Educación Primaria
<b>Nome equipo dinamización de benestar e convivencia</b>	<b>Nivel/Especialidade</b>
Marta Pedreira Currás	Educación Primaria
María Luisa Bermúdez García	Orientadora

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

O coidado e benestar das persoas adultas e da infancia será o obxectivo principal deste equipo. Potenciaremos o diálogo, a escoita, o respecto e o traballo en equipo de toda a comunidade educativa para poder establecer relacións de afecto e confianza, necesarias para unha convivencia amable que repercutirá, positivamente, nos procesos de aprendizaxe.

Obxectivo 1: Acompañar e facilitar a adaptación ás familias de nova incorporación.			
Acción 1	Acompañamento das familias no proceso de adaptación e establecer estratexias para o coñecemento do centro, da súa organización e funcionamento.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Desenvolvemento da reunión inicial coas familias.		
Responsables	Todo o profesorado do centro.		
Recursos e materiais	Fundamentalmente, recursos humanos e tecnolóxicos.		

Obxectivo 2: Facilitar a adaptación do alumnado á escola e o reencontro cos/as iguais e coas persoas adultas.			
Acción 1	Deseño de propostas que faciliten o coñecemento do espazo e da organización do centro por parte do alumnado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	O 100% do profesorado desenvolve dinámicas que favorezan o vínculo co espazo.		
Responsables	Todo o profesorado do centro.		
Recursos e materiais	Material funxible; recursos humanos, ...		
Acción 2	Acompañamento do alumnado por parte das familias no período de adaptación.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Elabórase un calendario do período de adaptación no que se recolla un proceso de separación progresivo e respectuoso. En casos con dificultades concretas, elaborárase en función das necesidades do alumnado.		
Responsables	O equipo docente de Educación Infantil, profesorado de Educación Primaria (en caso de que se precise) e Xefatura de Estudos e DO en casos específicos.		
Recursos e materiais	Recursos humanos		
Acción 3	Acompañamento emocional do alumnado.		

	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Que o 90% do profesorado incorpore propostas e/ou recursos materiais, ao longo da xornada, que permitan ao alumnado expresar e canalizar as emocións a través de distintas linguaxes.  Número de achegas, ao profesorado, de recursos materiais.
Responsables	Persoas titoras coa colaboración do Equipo de Convivencia, o D.O.
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos: recursos bibliográficos, didácticos, materiais...
Acción 4	Deseño de propostas que fortalezan o vínculo cos/as iguais e coas persoas adultas.  Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Que todo o profesorado desenvolva algunha estratexia ou dinámica que favoreza o autocoñecemento, o coñecemento das demais persoas, o respecto e o traballo en equipo.
Responsables	Todo o profesorado do centro.
Recursos e materiais	Recursos metodolóxicos.

<b>Obxectivo 3: Acompañar ao profesorado de nova incorporación.</b>	
Acción 1	Acompañamento pedagóxico a través de reunións no inicio de curso, apoios no interior da aula, comunicacións específicas coa dirección e sesións formativas.  Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input type="checkbox"/> 3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Que todo o profesorado de nova incorporación recibira acompañamento pedagóxico.
Responsables	O equipo directivo, a persoa coordinadora do ciclo no que traballe e o profesorado responsable de cada ámbito.
Recursos e materiais	Recursos humanos e materiais.

<b>Obxectivo 4: Establecer espazos e tempos para o profesorado que favorezan a comunicación, o sentimento de equipo e de pertenza.</b>	
Acción 1	Creación de espazos de reflexión, apertura e coidado dun mesmo e dunha mesma e do grupo, favorecendo así, o vínculo e o sentimento de equipo.

	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de sesións realizadas.
Responsables	Equipo directivo.
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos.

Obxectivo 5: Mellorar os espazos exteriores, na procura dun maior número de respostas inclusivas e que favorezan a convivencia.	
Acción 1	Ampliación de recursos materiais construtivos (lonas, caixas, canas...) e incorporación dunha loma de terra para a escavación.
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	A incorporación dos propios recursos.
Responsables	Comunidade educativa
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos.

Obxectivo 6: Favorecer a participación de toda a comunidade educativa.	
Acción 1	Deseño de espazos e tempos para a participación das familias na vida da escola.
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de xornadas realizadas na escola de familias (unha por trimestre como mínimo) e porcentaxe de participación (15% mínimo).
Responsables	O equipo de convivencia e de ecoloxía.
Recursos e materiais	Recursos humanos, materiais e formativos.
Acción 2	Deseño de espazos e tempos para a participación do alumando na vida da escola.
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de sesións realizadas do Consello Escolar da Infancia (unha sesión por trimestre, mínimo).
Responsables	O equipo de convivencia.

Recursos e materiais	Recursos humanos e materiais.
----------------------	-------------------------------

**Obxectivo 7: Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia da coeducación e da educación en valores.**

Acción 1	Incorporación na programación de aula obxectivos relacionados coa coeducación e coa educación en valores.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de propostas relacionadas coa coeducación, co pensamento crítico, coidadoso e reflexivo.		
Responsables	Persoas titoras, especialistas e familias.		
Recursos e materiais	Recursos materiais, didácticos e humanos.		
Acción 2	Escola de Familias		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Nivel de asistencia de familias ás actividades organizadas		
Responsables	Equipo de Convivencia, Coordinadora de PFPP do centro		
Recursos e materiais	Recursos espaciais e persoais (propostas do DO, Comisión de Convivencia do Consello Escolar...)		

**Obxectivo 8: Mellorar e fortalecer as relacións entre o alumnado**

Acción 1	Observación, análise e recollida de información das situacións que xeren dificultades á hora de levar a cabo un clima de convivencia positivo.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Contar con información para establecer unhas actuacións axeitadas á situación.		
Responsables	Persoas titoras, equipo de convivencia e benestar, DO,...		
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos.		
Acción 2	Incorporación na programación de aula e posta en práctica de estratexias de cohesión de grupo, para o coñecemento de si mesmo, para desenvolver o respecto polas diferenzas, ... e todas aquelas actuacións que favorezan a		

	convivencia.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no ambiente dentro do grupo-clase		
Responsables	Persoas titoras, equipo de convivencia e benestar, DO,...		
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos, participación da Comisión de Convivencia do Consello Escolar.		

Obxectivo 9: Elaborar o Plan de Traballo de Benestar e Convivencia			
Acción 1	Elaboración do Plan de Traballo de Benestar e Convivencia		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Ter o plan de traballo rematado		
Responsables	Equipo de convivencia e benestar		
Recursos e materiais	Recursos materiais e humanos (aportacións do DO, claustro, comisión de convivencia do CE...)		

## 18. CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE IGUALDADE

Obxectivo: Elaborar o Plan de Convivencia			
Acción 1	Elaboración do Plan de Convivencia		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Ter rematado o Plan de Convivencia		
Responsables	Dirección do centro, claustro de profesorado, equipo de convivencia, propostas		
Recursos e materiais	Recursos humanos		

O Plan de Igualdade está pendente de elaboración oficial, pero si que plasmamos as seguintes propostas a realizar durante este curso escolar.

Pretendemos abordar as seguintes **accións**:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

Algunhas das **medidas** que levaremos a cabo para abordar as accións enumeradas nos distintos ámbitos son as seguintes:

- *Organización do centro:*
  - Difusión do plan de igualdade e do PAD.
  - Emprego dunha linguaxe inclusiva nos documentos institucionais, comunicacións no espazo ABALAR, nomes dos espazos...
  - Emprego de espazos comúns que teñan en conta a xestión igualitaria, e polo tanto, a coeducación, prestando especial atención aos recreos, xogo de roles, deportes...
  - Colaborar coa ANPA na organización de actividades.
  - Incorporación da perspectiva de xénero nas programacións didácticas e materiais curriculares.
  - Emprego de metodoloxía que favoreza a aprendizaxe colaborativa ou cooperativa.
  - Celebración dalgunhas actividades complementarias que teñen por obxectivo sensibilizar a situación da muller na sociedade (por exemplo, a violencia de xénero).
  - Aproveitar situacións que non sigan pautas igualitarias para explicar ao alumnado a presenza de estereotipos e a súa orixe.
  - Aproveitar os achegamentos informais, por exemplo, nos faladoiros, para recompilar información sobre as súas necesidades, intereses, conflitos, discrepancias ou diferenzas.
- *Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:*
  - Análise das programacións didácticas anuais.
  - Fomentar no día a día a inclusión e a diversidade, por exemplo, á hora de elaborar grupos de traballo.
  - As lecturas e o material elaborado polo profesorado deberán ser revisadas.
  - Contribuír á mellora da competencia emocional ao longo da xornada, a través do programa de Educación Responsable e coa axuda do Departamento de Orientación, de precisarse.
  - Continuar revisando o fondo bibliográfico da biblioteca para expurgar o material que é



contrario aos principios deste plan, xogos e iconas.

- Solicitar formación para profesorado nesta materia, por parte da Consellería de Educación e/ou entidades que teñan unha traxectoria neste eido e que poidan aportarnos ferramentas e colaboración.

- As propostas que se leven a cabo deberán estar libres dos estereotipos de xénero.

- Fincapé no día da muller traballadora e a ruptura de roles de xénero e que esa perspectiva sexa positiva, buscando exemplos próximos.

- *Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:*

- Regular, mediante acordos, o uso das zonas de traballo e ocio, respectando os intereses das alumnas e dos alumnos.

- Coidar que en Educación Física non se reproduzan estereotipos sociais, combinando actividades que requiran forza e competitividade con outras que requiran coordinación, flexibilidade e ritmo.

- Repartir o tempo dedicado a ordenar, limpar, coidar materiais, decorar...de forma equitativa.

- O profesorado velará para que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou calquera conduta impropia nos corredores ou nos recreos.

- Continuar nos recreos coa creación de espazos para os diferentes intereses e que sexan lugares seguros e libres de LGTIBfobia.

- Cando se leven a cabo arranxos e reformas, ter presente a perspectiva de xénero.

- *Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:*

- Desde o Plan de Atención á Diversidade e desde o Plan de Acción Titorial trabállase sempre cos valores que inspiran este Plan de Igualdade.

- A comisión de Convivencia incluírá nas súas reunións os aspectos que neste plan se recollen.

- Traballar dun xeito prioritario cos problemas que se xeran a través das redes sociais.

- Aplicar os protocolos que xa existen neste eido.

- Facer partícipe ao alumnado nesta tarefa, que investigue e recoñeza comportamentos inapropiados e que podan causar dano a outras persoas.

- Valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores.

• **Seguimento e avaliación**

- Grao de cumprimento dos obxectivos formulados.
- Número de actividades realizadas.
- Enquisas ao final de curso (profesorado, familias e alumnado) sobre a pertinencia das actividades, a eficiencia das mesmas, o impacto...

## 19. PLURILINGÜISMO

### 19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Sergio López Valle	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Sergio López Valle	LE: Inglés

### 19.2. SECCIÓN S BILINGÜES/PLURIINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
3º EP	1	19	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés
4º EP	1	16	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés
5º EP	1	20	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés
6º EP	1	18	0	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Ed. Artística: Plástica	Inglés

### **19.3. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES**

Ao longo do curso realizaremos unha avaliación do desenvolvemento das seccións bilingües nos catro cursos correspondentes. Partiremos dunha avaliación inicial que nos permita definir as principais dificultades do alumnado para o entendemento e uso da lingua inglesa e valoraremos os progresos que se vaian acadando atendendo aos seguintes criterios:

- Motivación e esforzo polo emprego da lingua estranxeira.
- Interese por mellorar a competencia lingüística en inglés.
- Comprensión das instrucións na lingua estranxeira necesarias para a realización das actividades.
- Incorporación de vocabulario e expresións en inglés que se usan de xeito habitual nas clases.
- Uso da lingua inglesa nas interaccións entre alumnado, mestras e o posible auxiliar de conversa.
- Uso dunha lingua estranxeira na exposición dos proxectos realizados.

Nas horas de coordinación farase un seguimento do progreso das seccións bilingües, introducindo as modificacións e melloras que se consideren oportunas, as cales serán recollidas na memoria de final de curso. Ademais realizaranse reunións coa auxiliar de conversa para planificar as tarefas.

### **19.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA**

Durante a estancia da auxiliar de conversa farase un seguimento tanto a nivel diario como trimestral, valorando as aportacións e a implicación durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Este seguimento realizarase mediante a observación directa do profesorado implicado, comentando os puntos a tratar nas diferentes reunións que terán lugar ao longo do curso. Ademais, o alumnado será co-partícipe desta avaliación, posto que a través de instrumentos como rúbricas sinxelas poderán compartir a súa opinión sobre devandita experiencia.

## **20. PLAN PROXECTA+**

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

<b>Nome do Plan Proxecta+: Proxectos de vida activa e deportiva</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p><b>EQUILIBRA-T COA ACTIVIDADE FÍSICA</b></p> <p>Dende o CEIP Viñagrande-Deiro queremos fomentar unha vida activa na idade escolar sendo conscientes da importancia que ten o movemento no desenvolvemento integral dos nenos, convertendo deste xeito un Centro Educativo nun Axente de saúde.</p> <p>Co fin de asentar as bases para unha infancia máis saudable e acabar co sedentarismo queremos participar no presente curso 2022-2023 no Plan Proxecta, en concreto nos Proxectos de vida activa e deportiva - PDC (Xogade) para fomentar entre os máis novos o gusto pola práctica físico-deportiva e sigan así, cunha vida activa e saudable no futuro.</p> <p>A participación en Xogade tamén nos serve como continuidade do traballo de psicomotricidade que se fai neste centro nas primeiras idades, buscando un adecuado desenvolvemento da infancia a través do movemento.</p> <p>Á vez que lle intentaremos dar cabida dentro do Proxecto de centro de este curso que de momento está por definir.</p> <p>Destacar que somos conscientes da importancia que a actividade física e o deporte teñen para lograr un equilibrio persoal, no mantemento da saúde e no desenvolvemento integral das persoas ao longo de toda a súa vida, polo que é fundamental adquirir hábitos saudables perdurables no tempo que faciliten un envellecemento activo da nosa sociedade. Convertendo, deste xeito, o centro nun Axente Social.</p> <p>Analizando a práctica actual de deporte e actividade física na idade adulta, séguese observando que a porcentaxe de homes que practica é moi superior á de mulleres. Polo que debe ser un obxectivo na escola fomentar a igualdade de práctica deportiva, sempre na busca dun desenvolvemento físico, psíquico e social adecuado. SAÚDE!</p> <p>Para todo isto, o CEIP Viñagrande-Deiro solicita a participación nas actividades deportivas escolares do programa “Xogade”.</p>
<b>Obxectivos</b>	Favorecer o desenvolvemento integral da infancia a través do

	<p>movemento.</p> <p>Desenvolver e afianzar as habilidades motrices básicas a través da práctica deportiva.</p> <p>Favorecer a mellora da saúde e da calidade de vida do alumnado.</p> <p>Incrementar a práctica deportiva feminina.</p> <p>Fomentar o traballo cooperativo dentro do equipo deportivo.</p> <p>Incentivar a práctica, dende un punto de vista educativo e saudable, de actividades físicas por parte do alumnado buscando un estilo de vida activo.</p> <p>Eliminar a presenza de hábitos sedentarios na vida dos escolares.</p> <p>Fomentar as relacións sociais entre os nenos e nenas.</p> <p>Practicar diferentes deportes dun xeito lúdico e recreativo.</p> <p><b>Gozar</b> da práctica do deporte sen centrarse nos resultados.</p> <p>Participar en deportes regrados independentemente da condición física e do xénero do alumnado.</p> <p>Favorecer a inclusión na práctica deportiva escolar.</p> <p>Gozar da actividade física no medio natural.</p> <p>Fomentar os desprazamentos activos ao centro educativo: camiñando e en bicicleta.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	<b>Tódolos cursos do centro</b>		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	<p>Observar a evolución psicomotriz que o alumnado do centro acadou ao longo do curso.</p> <p>Ter acadado un nivel de desenvolvemento das habilidades motrices básicas acorde coa idade cronolóxica do alumnado.</p> <p>Mellorar a saúde e a calidade de vida dos nenos e das nenas.</p> <p>Traballar cooperativamente dentro do equipo deportivo.</p> <p>Practicar actividade física e deporte fóra do horario escolar.</p> <p>Erradicar o sedentarismo na vida dos escolares.</p> <p>Manter relacións sociais respectuosas entre os nenos e nenas de</p>		

	<p>diversos colexios.</p> <p>Desfrutar da práctica do deporte e da actividade física.</p> <p>Ser capaces de non dar excesiva importancia aos resultados deportivos.</p> <p>Participar no deporte escolar sen discriminar a baixa condición física ou calidade técnica.</p> <p>Practicar deporte en igualdade de condicións entre os dous xéneros.</p> <p>Observar unha inclusión real na práctica deportiva escolar.</p> <p>Comprobar si o alumnado acude ao centro de xeito activo.</p>
<b>Responsables</b>	Víctor Manuel Dosil Guzmán que substitúe a María Castro Nine xunto con todo o Claustro
<b>Actividades</b>	<p>Na idade infantil o desenvolvemento psicomotor abárcao todo, é dicir, o neno/a ten unha forma de aprender, de actuar, onde o motriz, o afectivo e o cognitivo van totalmente unidos, sendo o movemento a actividade principal a través da cal se realizan as aprendizaxes básicas: “Toda aprendizaxe parte dun movemento” (Glenn Doman). Para isto, os educadores deben propoñer experiencias motrices axeitadas ás súas posibilidades, que faciliten o desenvolvemento do noso alumnado.</p> <p>Actividade deportiva-competitiva. Dende o Servizo provincial de deportes de Pontevedra e da Asociación Deportiva Val do Salnés iranse ofertando e organizando diferentes actividades lúdico-deportivas para os centros educativos. Dende o noso centro trataremos de participar na maior cantidade posible de actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Carreira Campo a través: en outubro</li> <li>Vela lixeira</li> <li>Atletismo en Pista</li> <li>Piragüismo</li> <li>Deportes autóctonos</li> <li>Carreira popular do Salnés</li> </ul> <p>Coñece o meu club: dende este centro esperamos contar coa visita formativa dalgún dos clubs deportivos da contorna co fin de que expertos</p>

	<p>na materia impartan sesións de diferentes actividades deportivas, dándolle a coñecer ao noso alumnado novas disciplinas, que as vivencien e saiban que eses clubs están á súa disposición no seu tempo de lecer.</p> <p>Actividades náuticas: este ano desexamos participar en diferentes actividades acuáticas, como pode ser o piragüismo (dragóns), que se ofertan en Xogade ou nas xornadas de vela que comezaron o curso pasado como experiencia piloto.</p> <p>Xunto co equipo de Ecoloxía fomentar a creación de camiños saudables e seguros cara a escola.</p>
--	---

<b>Nome do Plan Proxecta+: Aliméntate ben</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p><b>EQUILIBRA-T COA ALIMENTACIÓN</b></p> <p>Só temos que observar a infancia que nos rodea para rapidamente darnos conta de que algo sucede. O alumnado dos centros, ano a ano, aumenta de peso. A obesidade Infantil aumenta excesivamente rápido. As composicións corporais cambiaron, e van dominando as graxas, incluso en alumnado que a simple vista non padece de sobrepeso. É imperioso crear hábitos de vida saudable.</p> <p>Evidente é que os hábitos alimentarios cambiaron, e non precisamente para mellor. O estilo de vida da nosa sociedade é cada vez máis frenético, as familias viven a toda velocidade e non “dispoñen” de tempo para adicar a unha alimentación consciente e saudable, tirando en exceso de produtos procesados e ultraprocesados, esquecendo que o ser humano é un ser vivo e que é a propia natureza a que nos ofrece o mellor alimento.</p> <p>Dende os centros educativos debemos compensar os tempos tolos de presas e recuperar unha escola calmada e sosegada onde teñan cabida todo tipo de reflexións, entre elas as reflexións sobre a nosa alimentación, en que acertamos e en que erramos cando escollemos un ou outro alimento, por que os escollemos, que sentimos cando os</p>

comemos e como nos sentimos logo en función da tipo de comida ingerida.

Isto é tan importante ata o punto que se chega a relacionar a inxesta de alimentos con diferentes condutas no alumnado. Por exemplo, casos de nenos que a última hora mostran comportamentos disrutivos, pode ser debido á fame (carencia de algún compoñente nutricional esencial para poder manter a atención...).

A Educación para a saúde na escola convértese en esencial, cun enfoque interdisciplinar que debe buscar desenvolver no alumnado hábitos de vida saudable: físicos, emocionais e sociais.

O Proxecto Documental de Centro deste curso esta por definir e buscarase relacionar este proxecto. E será o contexto perfecto para darlle forma ao programa e que sexa máis interdisciplinar.

A través de diferentes propostas pedagóxicas nas que o alumnado sexa parte activa do proceso, seremos quen de fomentar no noso alumnado a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

Coa participación das familias e doutros sectores da comunidade educativa seremos quen de concienciar á infancia da importancia do patrimonio alimentario da nosa contorna que posúe unha calidade nutricional excelente (dende produtos directos do mar e da terra ata produtos elaborados como son as conservas). De que preto de nós temos o que precisamos e da primeira calidade.

O noso alumnado debe ser consciente da importancia do consumo de produtos de km 0. Valorando o propio da contorna e de Galicia.

Un consumo responsable que depende de cada quen. O noso alumnado debe converterse en adulto crítico, moi necesario para non deixarse levar pola propaganda das grandes industrias alimentarias e pola normopatía alimentaria existente.

Valores relativos á alimentación deben estar implícitos e explícitos en todas as áreas de coñecemento que se traballan na escola, logrando unha adecuada promoción da saúde na escola.

Con este proxecto conseguiremos que toda a Comunidade



	<p>educativa sexa consciente da importancia da Alimentación e nutrición infantil como base para unha vida adulta activa e saudable.</p> <p>Dentro do “Aliméntate ben”, intentaremos participar no “Xermoliño”, “Froita na Escola”, “Ti si que es un bo peixe” e “Fai clic ao teu bocata”.</p>		
<b>Obxectivos</b>	<p>O obxectivo principal é concienciar a toda a Comunidade educativa da importancia de adquirir hábitos alimenticios saudables dende a infancia promovendo o consumo de produtos locais da terra e do mar.</p> <p>Como obxectivos específicos, presentamos os seguintes:</p> <p>Coñecer o patrimonio alimentario da nosa contorna.</p> <p>Plantar diferentes sementes autóctonas no horto do centro.</p> <p>Manipular, preparar e probar alimentos recollidos no propio horto.</p> <p>Coñecer receitas tradicionais da contorna coa colaboración das familias.</p> <p>Coñecer receitas tradicionais de outras culturas enriquecéndonos buscando a colaboración de familias que se acheguen aquí dende outros lugares.</p> <p>Planificar un menú saudable.</p> <p>Aprender a discriminar produtos en función dos beneficios para a saúde.</p> <p>Promover o consumo de 3 racións de froita ao día, incidindo nas merendas do colexio.</p> <p>Fomentar o consumo de verduras a diario.</p> <p>Outorgarlle ao produto local conserveiro un lugar destacado na dieta habitual, como opción aos ultraprocesados.</p> <p>Desenvolver a capacidade crítica ante mensaxes procedentes do ámbito da publicidade enganosa.</p> <p>Elaborar propostas de mellora en relación cos hábitos iniciais.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	<b>Todo o centro</b>		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	<p>O alumnado participa activamente no desenvolvemento do proxecto,</p> <p>O alumnado é coñecedor dos diferentes sectores alimentarios da contorna.</p>		

	<p>O alumnado colaborou no cultivo do horto escolar.</p> <p>Experimentou na elaboración de receitas na escola e coa familia.</p> <p>Probou diferentes alimentos e receitas.</p> <p>O alumnado confecciona un menú saudable.</p> <p>Predomina a froita nas merendas do tempo de lecer.</p> <p>O alumnado é quen de reflexionar ante mensaxes procedentes do ámbito da publicidade enganosa.</p> <p>Elabora propostas de mellora en relación cos hábitos iniciais.</p> <p style="padding-left: 40px;">Modifica hábitos alimentarios consciente da repercusión na súa saúde e no medio ambiente.</p>
<b>Responsables</b>	Víctor Manuel Dosil Guzmán que substitúe a María Castro Nine xunto con todo o Claustro
<b>Actividades</b>	<p>Utilizar os froitos do outono para traballar conceptos matemáticos: series, numeración.</p> <p>Estimular a motricidade participando da plantación do horto.</p> <p>Investigar coa colaboración das familias sobre o patrimonio alimentario da contorna.</p> <p>Organizar saídas na contorna para coñecer o sector vitivinícola, o sector do mar, o sector das conservas...</p> <p>“A froita pesa moito”: trátase de rexistrar o peso das froitas que se consumen nas merendas, facer un rexistro e logo unha comparativa cas demais aulas. Fomentando a lectoescritura e a lóxica-matemática, xa que disporían de tarxetas cos seus nomes e os nomes da froita para pegar nunha táboa que imos a crear para cada semana. Logo, dispoñendo dunha báscula dixital, escribirían (con axuda) os gramos que pesa cada froita que van consumir.</p> <p>Elaboración de merendas sinxelas e receitas típicas relacionadas cas nosas tradicións: Obradoiros de cociña tradicional e saudable.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- “Chulas de cabaza” polo Samaín</li> <li>- Pastas no Nadal</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Brochetas de froita</li> <li>- Filloas no entroido...</li> </ul> <p><b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b></p> <p>Proposta de actividades:</p> <p>Seguir a proposta de merendas saudables para o patio.</p> <p>Investigar sobre os compoñentes nutricionais dos alimentos.</p> <p>Recollida e análise da propia alimentación.</p> <p>Elaborar un menú saudable.</p> <p>Coloquio sobre a influencia da alimentación no funcionamento do sistema inmune.</p> <p>Analizar a etiquetaxe de produtos de consumo habitual na infancia: cantidade de azucre.</p> <p>Investigar sobre os efectos nocivos do consumo excesivo de azucre.</p> <p>Cultivar, coidar e colleitar froitos e verduras no horto escolar.</p> <p>Cociñar o recollido no horto.</p> <p>Probar os alimentos cociñados.</p> <p>Elaborar receitas sans e tradicionais coa colaboración das familias.</p> <p>Experimentar que cando cociñamos realizamos verdadeiros procesos químicos.</p> <p>Relacionar o consumo de produtos km 0 coa saúde persoal e xeral do medio ambiente. Ecoloxía.</p>
--	---

<b>Nome do Plan Proxecta+: Nós tamén creamos!</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p><b>ViñaCrea 3.0</b> é un proxecto do noso universo, do noso día a día, que vive nas nosas ilusións e no noso traballo. Unha Comunidade Educativa que quere reinventarse, enraizándose na identidade dunha contorna e dun patrimonio inmaterial que merece ser contado, para que os nosos nenos e nenas sexan protagonistas creativos do seu futuro.</p>

Queremos contar creativamente o que somos e facemos, usando a nosa lingua como fío condutor. Consideramos que a linguaxe estrutura pensamento, e por tanto determina o xeito en que comprendemos e nos situamos no mundo. O noso caldo de cultivo para fiar será o talento dos nosos nenos e nenas, pero tamén contaremos con un abano de ferramentas tecnolóxicas, que neste curso beberán da posta en marcha do **programa de Polos Creativos**.

Neste cole pequeniño, a carón do mar, vivimos un exhaustivo proceso de traballo con toda a Comunidade Educativa. Tamén experimentamos unha esmerada, reflexionada e analítica tarefa de asentarmos as bases do que queremos ser como Comunidade Educativa. Comenzamos con ilusión un novo Proxecto de Centro que este ano inicia camiño. En ViñaCrea 3.0 queremos plasmar este novo comezo dun xeito diferente.

No cole, inauguramos na Educación Primaria **sete contextos de aprendizaxe: científico, humanístico, audiovisual, radio, técnicas de estudo, taller de carpintería e robótica** que deseñan propostas competenciais de maneira colaborativa ou cooperativa. En cada contexto elaborárase un produto final interno, con proxección social e/ou que contribúa á transformación da sociedade. Todos os contextos atopan coherencia no **PDI** do centro que busca responder ao principio da **aprendizaxe servizo**. Leva por título **Ecosistema Vilanova**, e pretende afondar nas raíces do contexto do cole, porque entendemos que todo contexto determina a aprendizaxe. Por outro lado, en Educación Infantil traballamos por ámbitos conformados por microespazos, nos que se desenvolven actividades específicas.

Outra perspectiva importante do proxecto de ViñaCrea 3.0 é trazar unha **liña interdisciplinar** que recolla todas esas aprendizaxes competenciais dos contextos e dos ambientes e as enlace coa dinamización da lingua galega, a educación musical, a ecoloxía e a educación emocional, intercomunicado todo isto co PEF, co PLAMBE o uso das TIC e das TAC, e a promoción da interculturalidade coma aportación de valor á comunidade. Moi importante para nós é a atención á diversidade en todas as súas vertentes, asentada no **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)** e na **inclusión** como principios fundamentais.

A **Axenda 2030** e os seus dezasete ODS son unha oportunidade de contar cunha ferramenta internacional que facilite tanto ás políticas educativas

	<p>como culturais contribuír ao fin común de acadar un desenvolvemento sostenible. Destes 17 ODS, <b>catro</b> son os vinculados directamente con este proxecto:</p> <p>ODS 4. Educación de calidade.  ODS 5. Igualdade de xénero.  ODS 10. Redución das desigualdades.  ODS 17. Alianzas para lograr os obxectivos.</p> <p>Con todo, entendemos que aínda que o acento está definido, as achegas dos outros ODS será enriquecemento no noso proceso de implementación. Por outro lado, o tratamento das <b>Competencias Clave</b> neste proxecto vai dende o máis xeral, tomando como referencia as pautas marcadas pola Unión Europea ata o máis concreto, respondendo á definición recollida nos D150/2022, do 8 de setembro de currículo para EI e D155/2022, do 15 de setembro de currículo para EP, onde se describen as competencias que deben tratarse en todas as áreas ou ámbitos. Desta maneira, intentaremos que as competencias teñan un tratamento específico, observable e significativo tanto no desenvolvemento das actividades como no proceso de avaliación. En resumo, o noso universo de cole da pasiños para reinventarnos e innovar no noso día a día, coa única pretensión de que os nenos e nenas adquiran as ferramentas para afrontar con éxito o mundo no que lles toca vivir, en ViñaCrea 3.0 queremos compartir esa proceso con verbas, imaxes, sons e moita vida!</p>
<p><b>Obxectivos</b></p>	<p>Respecto á vinculacións dos PROXECTA + cos ODS da Axenda 2030, formulamos os seguintes <u>obxectivos a longo e curto prazo</u>.</p> <p><b>ODS 4 Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.</b></p> <p><u>OBXECTIVOS CURTO PRAZO</u></p> <p>ODS4.OCP1-Mellorar a competencia comunicativa en galego do alumnado a través do uso das ferramentas escolares: audiovisuais e radio.</p> <p><u>OBXECTIVOS LONGO PRAZO</u></p> <p>ODS4.OLP1-Potenciar a educación na diversidade como postulado fundamental para a xeración de novas ideas.</p> <p>ODS4.OLP2-Impulsar iniciativas que unifiquen a cultura e a tradición nos avances cara a dixitalización dos centros educativos e as novas tecnoloxías para involucrar á comunidade educativa e promover as habilidades creati-</p>

vas, artísticas, pensamento crítico, valores e principios éticos desde a revalorización da diversidade.

ODS4.OLP3-Fomentar as capacidades culturais e sociais do alumnado para asumir os retos do futuro e relacionalas coa aprendizaxe.

ODS4.OLP4-Incluír a dimensión cultural da contorna na educación para unha maior sensibilización do alumnado respecto ás problemáticas sociais, o desenvolvemento do pensamento crítico e a creatividade na resolución de problemas.

ODS4.OLP5-Favorecer o coñecemento e valorización da cultura propia e allea, enriquecendo as capacidades e pensamento crítico desde o ámbito educativo.

### **ODS 5 Lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas.**

#### OBXECTIVOS CURTO PRAZO

ODS5.OCP1-Realizar un intenso labor de divulgación na contorna facendo especial énfase no papel da muller.

#### OBXECTIVOS LONGO PRAZO

ODS5.OLP1-Reducir as dificultades das mulleres en calquera actividade, especialmente na participación da vida cultural e da comunidade educativa.

ODS5.OLP2-Reeducar as condutas dalgunhas tradicións e expresións culturais inmersas nun centro educativo que discriminan ás mulleres e ás nenas.

ODS5.OLP3-Impulsar iniciativas artísticas e culturais que visibilicen á muller.

ODS5.OLP4-Aproveitar o feito artístico e cultural como medio transmisor de educación, valores e principios que mobilicen e produzan cambios nos estereotipos sociais.

### **ODS 10. Redución das desigualdades.**

#### OBXECTIVOS CURTO PRAZO

ODS10.OCP1-Vencellar o noso patrimonio inmaterial a outras realidades culturais presentes na comunidade educativa e na contorna.

#### OBXECTIVOS LONGO PRAZO

ODS10.OLP1-Facilitar a inclusión e participación de todas as persoas da nosa comunidade educativa na vida do centro e da contorna, sen importar a súa procedencia, idade, xénero, relixión ou situación económica.

	<p>ODS10.OLP2-Garantir o acceso á educación artística e á cultura en igualdade de oportunidades a través de proxectos orientados a poñelas ao alcance de todos/as.</p> <p>ODS10.OLP4-Poñer especial atención na protección das diferentes expresións culturais da contorna.</p> <p><b>ODS 17. Alianzas para lograr os obxectivos.</b></p> <p><u>OBXECTIVOS CURTO PRAZO</u></p> <p>ODS17.OCP1-Impulsar vínculos de colaboracións coas diferentes entidades da contorna.</p> <p><u>OBXECTIVOS LONGO PRAZO</u></p> <p>ODS17.OLP1-Promover o uso de tecnoloxía ecolóxicamente racional para un menor impacto ambiental na contorna máis próxima.</p> <p>ODS17.OLP2-Optimizar os recursos internos para un mellor aproveitamento dos mesmos, buscando a sustentabilidade local.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Para todas as etapas e niveis do centro.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<p>O alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa activamente no desenvolvemento do proxecto.</li> <li>-Constrúe unha imaxe positiva da lingua galega e fai uso dentro e fóra da aula.</li> <li>-Inicia un proceso de alfabetización audiovisual en lingua galega a través da lectura de álbums ilustrados en galego e da súa adaptación á linguaxe audiovisual.</li> <li>-Adquire competencias nas TIC coa finalidade de realizar películas de animación.</li> <li>-Crea curtametraxes de animación en lingua galega usando as TIC e diversas técnicas artísticas.</li> <li>-Implícase na creación de material audiovisual en lingua galega que poida ser usado no tempo de lecer por nenas e nenos do centro e do resto da comunidade educativa.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Yolanda Guerrero Mariño en colaboración co equipo docente.		
<b>Actividades</b>	Elaboración <b>dunha curtametraxe</b> en galego coa técnica <b>stop motion</b> a partir dun <b>álbum ilustrado</b> . A actividade desenvolverase en <b>3 fases</b> , iniciándose cunha parte de formación para o profesorado implicado.		

## 21. CONTRATOS-PROGRAMA

Liña de actuación: EDUinnova

<b>Descrición do programa</b>	Esta modalidade incorporará metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomenten o traballo interdisciplinar e en equipo. Esta modalidade incorporará aquelas innovacións metodolóxicas que incidan na adquisición de polo menos unha das seguintes competencias clave: Comunicación lingüística; Competencia matemática; Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; Competencia dixital.		
<b>Obxectivos</b>	Mellorar a competencia matemática, lingüística, científica e tecnoloxía e dixital.		
<b>Cursos implicados</b>	Matemática, lingüística, científica : alumnado de Educación Infantil e Primaria. Tecnolóxica: alumnado de Educación Primaria.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O 95% do alumnado supera a área de matemáticas.</li> <li>- O 95% do alumnado supera a competencia lingüística.</li> <li>- O 95% do alumnado supera a competencia dixital.</li> <li>- O 95% do alumnado supera a competencia de ciencia e tecnoloxía.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Profesorado.		
<b>Actividades</b>	<p>Nun tramos da xornada desenvolvemos unha serie de estruturas pedagóxicas a través das cales o alumnado achégase ás distintas competencias desde un enfoque significativo e multidisciplinar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ambientes (Educación Infantil) despois do recreo e contextos de aprendizaxe (de 1º a 6º de Educación Primaria), antes do recreo.</li> </ul> <p>Os ambientes e os contextos de aprendizaxe son dúas estruturas diferentes que dan resposta ás distintas necesidades de cada etapa pero teñen unha mesma finalidade, aprender facendo e para a vida.</p> <p>Nos ambientes, na etapa de infantil favorécese a actividade libre, autónoma e espontánea. No xogo espontáneo e creativo florecen as distintas competencias.</p> <p>Matizar que neste curso realízanse de xeito habitual obradoiros de radio, audiovisuais, carpintaría, robótica, técnicas de estudo relacionados co programa de Polos Creativos e que se vincularán especialmente cos Contextos de Aprendizaxe de Ciencias (Naturais e Sociais), formando así 7 Contextos de Aprendizaxe.</p> <p>Noutro momento da xornada desenvólvese o tempo de grupo, onde se abordan os saberes básicos desde un enfoque vivencial e activo que lle permita ao alumnado relacionarse coas aprendizaxes de maneira comprensiva e positiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática: No ámbito das matemáticas desenvolveremos unha metodoloxía viva e activa na que se respecten os procesos de aprendizaxe e se tome como punto de partida a vivenciación e a manipulación. Neste tipo de metodoloxías é necesario contar con materiais variados co fin de dar respostas inclusivas que atendan ás necesidades individuais de cada nena e de cada neno. .</li> <li>- Competencia lingüística: O obxectivo é dinamizar a radio da escola xa que é un recurso que favorece esta competencia. Ademais, en todas as etapas desenvolveremos asembleas e/ou faladoiros diarios. Contamos cun espazo para a asemblea no exterior e o noso obxectivo é fomentar o seu uso. Ademais, co fin de abrir</li> </ul>		



	<p>a biblioteca ao exterior, queremos mellorar a zonade lectura no exterior, xa iniciada (incorporar outro módulo para gardar libros e asentos).</p> <p>- Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a través do momento de procesos e contextos achégase ao alumnado á competencia científica. Ademais do microespazo de experimentar, no ambiente de infantil, dos procesos e contextos (científico e humanístico), na escola desenvolverase o club de ciencias.</p> <p>Solicitamos a participación en Polos Creativos no que se inclúen a realización de distintos obradoiros: construcións, audiovisuais e cociña. A través destas dinámicas o alumnado achégase ás distintas competencias e saberes dunha forma significativa e globalizada.</p>
--	--

<b>Liña de actuación: EDUexcelencia.</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Con esta modalidade trátase de dar resposta aos intereses comúns de aprendizaxe dun determinado número de alumnado. Supón unha personalización da aprendizaxe na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado partindo dos seus intereses e potenciais talentos. Ao longo do curso traballarase de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final.		
<b>Obxectivos</b>	<p>Atender os intereses do alumnado, ofrecéndolle respostas personalizadas para avanzar na súa aprendizaxe.</p> <p>Mellorar o nivel de coñecementos do alumnado participante, para desenvolver ao máximo o seu talento e potencial de aprendizaxe, así como elevar os niveis de excelencia do sistema educativo.</p> <p>Contribuír a unha maior personalización da aprendizaxe que garanta o éxito na educación.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Primaria.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O 80% do alumnado supera a rúbrica de TG.</li> <li>- O 80% do profesorado realiza un produto final con proxección social.</li> <li>- Mellora dun 15% do ambiente de aprendizaxe (estética, organización, ...) das aulas de 1º ciclo.</li> <li>- Mellora dun 50% do ambiente de aprendizaxe (estética, organización, ...) das aulas de 2º ciclo.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	O equipo docente.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver faladoiros a diario e asembleas (Consello Escolar da Infancia, asembleas para toma de decisións nas aulas, ...).</li> <li>- Desenvolver obradoiros relacionados con radio, audiovisuais, carpintaría, robótica, técnicas de estudo...</li> <li>- Levar a cabo as estruturas de contextos e ambientes cun enfoque multidisciplinar e competencial.</li> <li>- Desenvolver unha metodoloxía viva e activa.</li> <li>- Formación do profesorado.</li> <li>- Dotar de material específico ás aulas de primaria.</li> <li>- Rematar o ambiente de aprendizaxe de 1º Ciclo de Primaria.</li> <li>- Comezar o deseño do ambiente de aprendizaxe de 2º Ciclo de Primaria.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: EDUsaúde.</b>		
<b>Descrición do programa</b>	Conxunto de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas deseñadas para o fomento dos hábitos de vida saudables do alumnado durante o horario lectivo. Con esta modalidade preténdese, por un lado que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables; e por outro lado que incremente o cómputo total de actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas, materias ou módulos específicos.	
<b>Obxectivos</b>	<p>Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables.</p> <p>Procurar unha contorna alimentaria saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa.</p> <p>Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o consumo do alumnado no centro docente.</p> <p>Incentivar a adquisición autónoma de produtos alimenticios saudables, promovendo unha selección informada dos mesmos.</p> <p>Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.</p> <p>Implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permita a coexistencia da práctica de actividade física co normal desenvolvemento das sesións lectivas.</p> <p>Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.</p>	
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.	
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O 75% do profesorado desenvolve ao longo do curso tres propostas no exterior.</li> <li>- O 80% do profesorado incorpora dinámicas vivenciais.</li> <li>- O 100% do profesorado titor emprega a horta.</li> </ul>	
<b>Responsables</b>	Equipo docente e familias.	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Psicomotricidade diaria: incorporar novos materiais no ximnasio e no exterior que permitan potenciar as actividades no exterior.</li> <li>- Dinamización do invernadoiro</li> <li>- Colaboración coas familias na dinamización do horto e invernadoiro.</li> <li>- Continuación dos obradoiros co alumnado sobre cultivo biointensivo, cunha persoa externa experta.</li> <li>- Incorporar material sensorial que favoreza a canalización das emocións.</li> <li>- Ampliar respostas de xogo no patio: incorporar barras para a motricidade.</li> </ul>	

<b>Liña de actuación: EDUsostibilidade.</b>	
<b>Descrición do programa</b>	Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para que os centros educativos evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible ambientalmente e involucrada contra o cambio climático.
<b>Obxectivos</b>	Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático, a fin de capacitar ao alumnado para adquirir un comportamento ambientalmente responsable.

	<p>Familiarizar ao alumnado coas fontes de enerxía sostibles e non contaminantes, imprescindibles para combater o cambio climático e que aportan beneficios de carácter económico e medioambiental.</p> <p>Contribuír, dende os centros docentes, a lograr que as cidades, pobos e aldeas sexan espazos inclusivos, seguros e sostibles, intentando reducir o seu impacto negativo, atendendo á calidade de aire, xestión de residuos, mermar posibles desastres e protexer o patrimonio cultural e natural.</p> <p>Concienciar ao alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas tanto mariños como terrestres, reducindo a contaminación, restaurando os ecosistemas danados, evitando a perda de diversidade biolóxica ou promovendo unha xestión sostible dos recursos que nos proporcionan.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Centro participa en Voz Natura.</li> <li>- Redúcese o lixo no patio nun 95%.</li> <li>- O 100% do profesorado titor emprega a horta ou invernadoiro.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Equipo docente e familias.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rematar a charca.</li> <li>- Avanzar na redución de consumo enerxético no centro.</li> <li>- Compostaxe.</li> <li>- Separación de lixo dentro e fóra das aulas.</li> <li>- Resignificar materiais en arte, elaboración de traballos, ...</li> <li>- Promoción dunha dieta saudable: obradoiros de cociña.</li> <li>- Coidado da contorna.</li> <li>- Traballo na horta e no invernadoiro. Incorporar sistema de almacenaxe para o invernadoiro, así como novas ferramentas e materiais.escolar.</li> <li>Redución de consumo de enerxía no centro.</li> <li>Promoción dunha dieta saudable.</li> <li>Aparcadoiro de bicicletas no exterior da escola.</li> <li>Soportes de madeira para o espazo de botas e chubasqueiros, no exterior.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: EDUcalidade.</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Conxunto de medidas ou accións para incrementar a calidade educativa e de xestión dos centros docentes, baseadas na avaliación das propias necesidades e coa determinación dun sistema de avaliación e control dos logros acadados.		
<b>Obxectivos</b>	<p>Levar a cabo unha mellora na calidade da xestión administrativa do centro. Dar resposta ás necesidades detectadas no centro para a implantación de accións de calidade educativa.</p> <p>Incrementar a competencia dixital da comunidade educativa do centro, de tal xeito que cada colectivo adquira as competencias dixitais necesarias para o desempeño dunha labor educativa de calidade.</p> <p>Avaliar os logros acadados no proceso de mellora das competencias dixitais da comunidade educativa.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convócanse tres sesións do CE da Infancia.</li> <li>- Realízanse con éxito do 75% os obradoiros dos Contextos de Aprendizaxe.</li> <li>- O 100% do profesorado participa, como mínimo, nun plan de formación.</li> </ul>		

	- Inicio do documento sobre acompañamento emocional.
<b>Responsables</b>	CFR e profesorado.
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posta en marcha dun novo modelo a nivel de organización de Centro.</li> <li>- Realización de xeito habitual obradoiros de radio, audiovisuais, carpintaría, robótica, técnicas de estudo relacionados co programa de Polos Creativos e que se vincularán especialmente cos Contextos de Aprendizaxe de Ciencias Naturais e Sociais, conformando un total de 7 Contextos de Aprendizaxe.</li> <li>- Formación continua do profesorado: participación nalgún PFPP ou noutras modalidades formativas (charlas, obradoiros, ...).</li> <li>- Consolidar o funcionamento do Consello Escolar de Infancia</li> <li>- Seguir avanzando no acompañamento do profesorado de nova incorporación (incorporación de bibliografía nova, documentos que faciliten a súa integración...).</li> </ul>

<b>Liña de actuación: IGUÁLA-T</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.		
<b>Obxectivos</b>	Desenvolver na escola os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero. Propiciar dinámicas para sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, participando, na medida do posible, en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<p>Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia</p> <p>Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero</p> <p>Número de actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</p> <p>Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual</p> <p>Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa respecto ao curso anterior</p> <p>Porcentaxe de participación de alumnas nesta modalidade</p> <p>Porcentaxe de participación de alumnos nesta modalidade</p> <p>Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta modalidade</p> <p>Porcentaxe de participación de docentes (mulleres) nesta modalidade</p> <p>Todo os grupos levan a cabo un obradoiro ao longo do curso sobre igualdade.</p>		
<b>Responsables</b>	Toda a comunidade educativa.		
<b>Actividades</b>	<p>Obradoiros co alumnado sobre igualdade.</p> <p>Avanzar na mellora do espazo exterior para dar respostas de xogo variadas.</p> <p>Emprego dunha linguaxe inclusiva nos documentos institucionais, comunicacións no espazo ABALAR, etc.</p> <p>Revisión de materiais do centro (xogos matemáticos, bibliografía, ...) e</p>		

	<p>incorporación de novos recursos libres de estereotipos. Emprego dunha metodoloxía viva e activa que favoreza, progresivamente, dinámicas colaborativas.</p>
--	--

<b>Liña de actuación: CONVIVE-T</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos e outras accións similares.		
<b>Obxectivos</b>	<p>Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.</p> <p>Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa.</p> <p>Mellorar a competencia social e cívica (CSC).</p> <p>Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.</p> <p>Promover medidas que fomenten a convivencia positiva.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Profesorado e familias.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<p>Porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da mediación</p> <p>Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar</p> <p>Porcentaxe de redución da apertura do número de expedientes</p> <p>Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións</p> <p>Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta modalidade</p> <p>Valoración positiva da convivencia na memoria final de curso.</p>		
<b>Responsables</b>	Equipo de Convivencia, Comisión de Convivencia, Equipo directivo e profesorado.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora do espazo da entrada/benvida: incorporar bancos, mesas, ...</li> <li>- Formación no ámbito da convivencia, como, por exemplo, en Comunicación non violenta.</li> <li>- Avanzar na mellora dos espazos interiores e exteriores incorporando respostas variadas que favorezan a convivencia (mellora da Biblioteca incorporando materiais e respostas variadas...).</li> <li>- Participación do alumnado na toma de decisións a nivel de centro a través do Consello Escolar da Infancia, círculos e/ou asembleas onde se favoreza o sentimento de pertenza e equipo e a toma de decisións.</li> <li>- Equipo Verde formado polo alumnado.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: INCLÚE-T</b>	
<b>Descrición do programa</b>	Conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos

	igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.		
<b>Obxectivos</b>	Desenvolver unha actitude positiva cara á actividade física. Valorar todas as posibilidades que ofrece a práctica de exercicio físico para o seu desenvolvemento como persoa. Coñecer o seu corpo. Formación DUA		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Número de actividades específicas de sensibilización de todo alumnado e profesorado coa inclusión Porcentaxe de aumento da cohesión social e educativa no centro Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta temática		
<b>Responsables</b>	Equipo Docente, familias e Concello		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellora do ambiente de aprendizaxe (estética, recursos, ...) das aulas de 2º Ciclo e da aula de AL.</li> <li>- Actividades propostas dende o Departamento de Orientación e o Equipo de Convivencia.</li> <li>- Formación no ámbito da Inclusión(DUA)</li> <li>- Metodoloxía viva e activa, con respostas inclusivas.</li> <li>- Obradoiros sobre inclusión co alumnado.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: EMOCIÓN-T</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa, que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.		
<b>Obxectivos</b>	Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...), en toda a comunidade educativa, entendidas como competencias básicas para a vida. Avanzar cara unha educación emocional concibida como un eixe transversal. Potenciar o deseño e implementación de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais. Implicar o profesorado na formación da educación emocional. Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais.		
<b>Cursos implicados</b>	Alumnado de Educación Infantil e Primaria.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Número de accións encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional		

	<p>de toda a comunidade educativa</p> <p>Porcentaxe de mellora do rendemento académico pola contribución das habilidades emocionais</p> <p>Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social da comunidade educativa</p>
<b>Responsables</b>	Equipo Docente.
<b>Actividades</b>	<p>Psicomotricidade diaria en Educación Infantil e vivenciación dos procesos en todas as etapas.</p> <p>Substitución do timbre dos recreos por música.</p> <p>Reflexión continua do profesorado sobre o acompañamento emocional da Infancia e elaboración dun documento sobre a temática.</p> <p>Potenciar o contacto coa natureza.</p> <p>Creación de espazos amables para a o encontro cun/ha mesmo/a e coas demais persoas.</p>

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

<b>Plan/Proxecto: Ecoloxía</b>	
<b>Descrición do programa</b>	O equipo de ecoloxía encárgase de propoñer actividades relacionadas co coidado do medio ambiente.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar o coidado da contorna establecendo as bases da ecosustibilidade.</li> <li>- Formar á comunidade educativa en aspectos relacionados co tratamento da terra e dos seus resultantes.</li> <li>- Promover hábitos positivos na comunidade educativa relativos á sostibilidade.</li> <li>- Reducir o consumo de plástico nas merendas e nas actividades da aula.</li> <li>- Optimizar o consumo de enerxía no centro (apagar luces e pantallas, pechar billas...).</li> <li>- Coñecer, respectar e apreciar os animais e as plantas, contribuindo na conservación da biodiversidade.</li> <li>- Favorecer o pensamento crítico fronte a actitude pasiva ante accións e actitudes que danan o planeta.</li> <li>- Concienciar á comunidade educativa dun maior uso de enerxías renovables e da redución das non renovables.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gozar e valorar os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar, contribuíndo así, á conservación da biodiversidade.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Educación Infantil e Educación Primaria.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	As liñas metodolóxicas que se propoñen emanarán dunha aprendizaxe activa, participativa e cooperativa para todos os membros da comunidade escolar. Ofrecendo unha educación de calidade que camiñe cara os obxectivos propostos na Axenda 2030 respecto da protección medioambiental.		
<b>Responsables</b>	Equipo de ecoloxía e profesorado.		
<b>Actividades</b>	Partirán de nove liñas principais de actuación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Eco-horto: actividades de cultivo (compostaxe e invernadoiro).</li> <li>- Eco-arte: reutilización de residuos en producións artísticas.</li> <li>- Eco-mates: medición do volume e peso dos residuos plásticos xerados nunha semana por un grupo-clase, comparándoo con outras aulas.</li> <li>- Eco-poza: investigación de ecosistemas.</li> <li>- Eco-patrullas: supervisión da separación correcta do lixo no centro educativo e posterior reciclaxe e supervisión de residuos no patio tralas merendas.</li> <li>- Eco-camiños: coidado e acondicionamento da contorna a través de andainas ecolóxicas trimestrais.</li> <li>- Eco-pilas: recollida de pilas nun recopilador de centro e reparto de recopiladores individuais para o alumnado.</li> <li>- Eco-tapóns: creación dun contedor para a recollida solidaria de tapóns.</li> <li>- Eco-conmemoracións: celebración do Día Mundial dos Animais e do Día Mundial do Medio Ambiente.</li> </ul>		

<b>Plan/Proxecto: Club de Ciencias</b>	
<b>Descrición do programa</b>	Neste curso continuaremos co traballo realizado nos pasados cursos centrándonos no aproveitamento da auga, investigando e experimentando



	<p>con diversos materiais perfeccionando o sistema de recollida de auga que elaboramos en cursos pasados e mellorando o sistema de rego automatizado para que funcione con enerxías renovables.</p> <p>Continuaremos cos traballos do noso ecosistema acuático, centrándonos na observación da evolución do mesmo.</p>		
<b>Obxectivos</b>	<p>Fomentar o contacto coa natureza. A natureza como xanela aberta á aprendizaxe.</p> <p>Favorecer accións de ecoloxía e sustentabilidade. Favoreceremos o desenvolvemento de accións transformadoras da contorna próxima que contribúan á súa mellora e coidado.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	<b>3º, 4º, 5º e 6º</b>		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Implicación do alumnado nas actividades propostas		
<b>Responsables</b>	Manuel Piñeiro Sánchez e todo o profesorado do Centro.		
<b>Actividades</b>	As distintas actividades levaranse a cabo os tres primeiros mércores de cada mes, e irán en liña co programa e cos obxectivos propostos, e sempre tendo en conta as demandas máis inmediatas do alumnado.		

<b>Plan/Proxecto: Polos Creativos</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p>O proxecto que presentamos pretende mellorar as competencias dixitais do alumnado de xeito progresivo e responder ás necesidades de cada etapa e filosofía do centro. Tendo en conta o abano de posibilidades do proxecto, decidimos enfocarnos nos dous primeiros anos en tres liñas de traballo, cociña, construcións e audiovisuais, co obxectivo de asentar dinámicas e, en anos posteriores, seguir avanzando noutras áreas. Nesas tres liñas a robótica está implícita. Achegamos así ao alumnado ás distintas competencias e traballamos os saberes básicos de maneira transversal.</p>
<b>Obxectivos</b>	<p>Establecer unha conexión cos recursos existentes no centro co fin de dar coherencia a todos os proxectos: a radio, zona de croma, ... coa liña de audiovisuais; a horta e o invernadoiro coa liña de cociña; zona de lego, ambiente de construción de infantil, robótica, impresora 3D, ... coa liña de construcións. Fomentar o sentimento de</p>

	comunidade, vinculando os recursos humanos da contorna (escola de hostalería, cociñeiros/as recoñecidos da contorna, persoas expertas no ámbito do cultivo biointensivo, da tecnoloxía, carpintaría, audiovisuais, ...)		
<b>Cursos implicados</b>	Educación Infantil e Educación Primaria.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	100% profesorado e alumnado organiza e participa en algunhas das propostas relacionadas con Polos Creativos.		
<b>Responsables</b>	Toda a comunidade educativa.		
<b>Actividades</b>	<p>- Libres: debido á vinculación que queremos realizar de Polos Creativos cos ambientes en Infantil, neles desenvolveríase a meirande parte das actividades libres desta etapa que se basean no traballo vivencial e activo. Nun tramo da xornada, o alumnado de Infantil realizará unha libre circulación polas tres aulas, elixindo libremente en cal estar e a actividade a desenvolver. En función da aula, atopámonos con respostas de construción en varios formatos (grandes/pequenas construcións, en tarimas, con luz, con espello, ...); sensoriais e artísticas (barro, materiais de refugallo, mesa de luz...); experimentación (mesa de experimentación, zona imantada, ...); xogo simbólico (cociña con materiais reais, propostas para facer zume ,costura, ... ); entre outros. A través da actividade libre favorecemos a autorrealización, autonomía e autocoñecemento, bases necesarias para o traballo colaborativo en primaria. Contamos cos recursos descritos. En Primaria, o alumnado asistirá a Polos Creativos para dar resposta a proxectos individuais, que nacen da súa propia motivación sen ter que estar vinculados á aula. Para iso, coidarase dispor de momentos ao longo da xornada para este obxectivo. Abrirase o espazo polas tardes e convidarase ás familias á súa dinamización.</p> <p>- Semidirixidas: Polos Creativos converterase en núcleo fundamental de traballo para desenvolver propostas programadas na aula, polo que contribuiría a impulsar os proxectos que se desenvolven.</p>		

	- Dirixidas, a través de obradoiros: cociña, audiovisuais e construcións. Actividades tipo: Construcións: Infantil: construcións variadas (con luz, materiais de refugallo, rodas de madeira, ladrillos tamaño real...)
--	---

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.  
As solicitudes faranse á Dirección do Centro e farase rexistro das mesmas.
- Horarios dispoñibles.  
Todo aquel que non interfira no normal desenvolvemento da actividades do Centro.
- Solicitudes xa cursadas.

Instalación: Ximnasio			
Entidade que a usa	ANPA "A PRIXELA"		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais e Nais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	16:00 a 19:00		

Instalación: Aula música			
Entidade que a usa	ANPA "A PRIXELA"		
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais e Nais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	16:00 a 19:00		

Instalación: Patio recreo			
Entidade que a usa	ANPA "A PRIXELA"		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Nais e Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	16:00 a 19:00		

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para realizar a avaliación do alumnado de Educación Primaria, teremos en conta a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema

educativo de Galicia. Farase unha avaliación continua, global e que teña en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas e na adquisición das competencias básicas.

En canto a Educación Infantil, teremos en conta a Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios e os estándares de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.

As datas das **xuntas de avaliación** do curso escolar 2023-2024 son as seguintes:

AVALIACIÓN		EI, 1º E 2º de EP	3º, 4, 5º e 6º de EP
1ª	DATA AVALIACIÓN	12 de decembro	13 de decembro
	PUBLICACIÓN NOTAS	19 de decembro	
2ª	DATA AVALIACIÓN	12 de marzo	13 de marzo
	PUBLICACIÓN NOTAS	19 de marzo	
3ª	DATA AVALIACIÓN	24 de xuño	
	PUBLICACIÓN NOTAS	25 de xuño	

As notas do alumnado deben estar subidas ao XADE polas persoas titoras e especialistas antes da avaliación, as modificacións necesarias realizaranse durante a propia avaliación pola xefa de estudos.

Os días de publicación das notas tamén terán lugar, en horario de tarde, as reunións coas familias (19 decembro, 19 marzo e 25 de xuño).

Os informes cualitativos do alumnado entregaranse de formas trimestral na etapa de Educación Infantil de de xeito anual na etapa de Educación Primaria, coincidindo este coa 2º avaliación.